



Facultade de Xeografía e Historia

Grado de Historia

Traballo de Fin de Grado

Homofobia e VIH/sida no Estado Español

(1933-2000):

Ruptura ou Continuidade?

Titor: Lourenzo Fernández Prieto

Departamento de Historia

Alumno: Ezequiel Varela Vázquez

Curso Académico: 2021-2022

RESUMO

A homofobia é un elemento presente en todas as sociedades burguesas (e non só nestas), o cal se caracteriza pola súa permeabilidade (especialmente a nivel discursivo), para verter odio cara a comunidade *gai* xa dende a Plena Idade Media (especialmente no IV Concilio de Letrán de 1215), pese a que para este traballo vaise a remontar ao século XIX. A chegada da pandemia de VIH/sida en España, marcou o inicio dunha sorte de cruzada contra un colectivo que acababa de experimentar o fin da represión legal tra-lo fin do réxime franquista; un colectivo que tivo que reaccionar o mellor que puido contra ese odio que zumegaba dende as institucións, da sociedade, do goberno (ata certo punto) e mesmo do propio colectivo. A pandemia de VIH/sida, chegou de ningures, pero conmocionou a todo o mundo; a esa conmoción, lle podemos sumar o “tremendismo” excesivamente difundido dende os medios de comunicación e a cultura visual, que tan só serviron para amplificar máis o medo, e xulgar (aínda máis se cabe), aquelas persoas que portaban VIH/sida. O obxectivo deste traballo será analizar se para a homofobia isto supuxo unha ruptura, ou se seguiu mantendo os mesmos tópicos debido ao novo *statu quo* xerado pola chegada desta pandemia; é indiscutible que houbo unha ruptura, pero, en que medida?

PALABRAS CHAVE: homofobia, VIH, sida, pandemia, *gai*.

RESUMEN

La homofobia es un elemento presente en todas las sociedades burguesas (y no solo en estas), la cual se caracteriza por su permeabilidad (especialmente a nivel discursivo), para verter odio hacia la comunidad *gay* ya desde la Plena Edad Media (especialmente desde el IV Concilio de Letrán en 1215), aunque este trabajo se remontará al siglo XIX. La llegada de la pandemia de VIH/sida en España, marcó el inicio de una suerte de cruzada contra un colectivo que acababa de experimentar el fin de la represión legal tras la caída del régimen franquista; un colectivo que tuvo que reaccionar lo mejor que pudo contra ese odio que resumaba desde las instituciones, de la sociedad, del Gobierno (hasta cierto punto) e incluso del propio colectivo. La pandemia de VIH/sida, no se sabe de donde llegó, pero conmocionó al mundo entero; a esta conmoción, le

podemos sumar el “tremendismo” excesivamente difundido desde los medios de comunicación y desde la cultura visual, que únicamente sirvió para amplificar aún más el miedo, y juzgar (aún más si era posible), a aquellas personas que portaban VIH/sida. El objetivo de este trabajo va a ser analizar para la homofobia esto supuso una ruptura, o si siguió anclada en viejos tópicos debido al nuevo *statu quo* generado por la llegada de la pandemia; es indiscutible que hubo una ruptura, pero ¿En qué medida?

PALABRAS CLAVE: homofobia, VIH, sida, pandemia, *gay*.

ABSTRACT

Homophobia is a transversal element in every bourgeoisie society (and not just in the bourgeoisie ones), which is characterized by its permeability (specially in a discursive level) to pour hate towards the gay community since the Middle Ages (especially since the Fourth Lateran Council in 1215), although this essay will start its analysis in the nineteenth century. The arrival of the HIV/aids pandemic in Spain, marked the start of some sort of crusade against a collective who had just experienced the end of the legal repression from the Francoist Regime; a collective who had to react the best that they could against the hate which the institutions, the society, the Government (up to certain extent) and even the own collective, were spreading. We are not certain from where the HIV/aids pandemic arrived, although it shocked the whole world; to this shock, we can add the excessively “exaggeration” which was diffused from the media and the visual culture, which only served to amplify more the fear, and to judge more, (if that was possible), those people who were bearers of HIV/aids. The objective of this essay will be the analysis of the possible changes which the homophobia experienced, or if it remained linked to its old topics, due to the new *statu quo* which was generated from the arrival of the pandemic; it is undeniable that changes were made, but in which measure?

KEYWORDS: homophobia, HIV, aids, pandemic, *gay*.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	3
1. A represión estatal da homosexualidade na España pre-pandémica (1934-1978).....	4
1.1 Da lei de vagos e maleantes republicana a lei de vagos e maleantes franquista (1934-1954)	4
1.2 Da lei de vagos e maleantes a lei de peligrosidade social (1954-1978)	5
2. A liberación dos homosexuais na España da pre-pandemia de VIH/sida (1971-1978)	7
3. A chegada da pandemia de VIH/SIDA a España (1981-2000)	11
3.1 Información básica sobre a enfermidade (1981-2000)	11
3.2 A construción do imaxinario da pandemia (1981-2000)	14
4. A loita contra a pandemia de VIH/sida e contra a nova homofobia (1981-2000) ...	16
4.1 O novo contexto: homofobia e campañas estatais e o VIH/sida (1988-1995).....	17
4.2 A reacción do colectivo (1986-1992)	20
5. A arte e o VIH/sida: da visibilidade a reivindicación (1981-1992).....	22
6. Cambios na identidade das lesbianas e dos homes <i>gais</i> polo VIH/SIDA (1981-2000)	26
6.1 A continua invisibilización das lesbianas (1981-2000)	26
6.2 A identidades dos homes <i>gais</i> (1981-2000).....	27
CONCLUSIÓNS	30
Bibliografía.....	34
ANEXO	36
Anexo 1- Lei de Vagos e Maleantes Republicana	36
Anexo 2- Lei de Vagos e Maleantes Franquista	37
Anexo 3- Lei de Peligrosidade Social.....	38
Anexo 4- Homofobia como unha constante en todas as formacións políticas	39
Anexo 5- Gráfico sobre a transmisión de sida en Galicia.....	40
Anexo 6- Campaña Si Da y No Da de 1988	41

Anexo 7- Campaña Póntelo y Pónselo de 1995.....	42
Anexo 8- Campaña de FASE de 1994 sobre as 7 Claves contra o Sida	43
Anexo 9- <i>Carrying Project</i> de Pepe Espaliú en 1992.....	44
Anexo 10- Sobre as prácticas seguras que defendían os diferentes colectivos.....	46

INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste traballo, é determinar se a homofobia, entendida coma calquera acción, xesto ou discurso que poida ou busque empeorar os estándares de vida das persoas *gais* (entendendo *gais* coma homes que establecen relacións de maneira exclusiva con outros homes, ou con homes e mulleres, así coma mulleres que establecen relacións entre mulleres de maneira exclusiva, ou con mulleres e homes á vez -incluíndo así a persoas bisexuais de ambos xéneros-), tivo máis elementos de continuación ou de cambio coa chegada da pandemia de VIH/sida no marco español. En caso de facer referencia a realidades que aluden especificamente a relacións de dous homes, utilizarase o termos homes *gais*, namentres que o termo de lesbianas empregárase única e exclusivamente para relacións entre dous mulleres.

Aínda que se fará algunha alusión as persoas *trans*, estas non foron analizadas ao longo do traballo, pese a que si que se poderían abordar perfectamente con este tópico; pero quizais entroncaban máis dentro da idea de “transfobia”. Outras identidades sexuais e de xénero, non foron incluídas nesta análise, aínda que tamén son obxectos susceptibles de estudo. Feitas estas aclaracións necesarias, habería que aclarar que, para poder analizar ese posible cambio, temos que ter en conta o percorrido da represión legal, así coma do movemento de liberación iniciado polas organizacións nadas na década de 1970, e que seguiron pelexando na Transición. Posteriormente, xa se analizarán as características básicas do VIH/sida, así coma a reacción das campañas gobernamentais, do colectivo e do mundo da arte.

Finalmente, analizaranse as posibles modificacións que as identidades dos homes *gais* e das lesbianas puideron sufrir debido a chegada da pandemia; un apartado para o que os traballos de Judith Butler foron fundamentais, aínda que outros autores, coma Juan Vicente Aliaga, tamén foron tomados moi en conta. Non obstante, non se analizará ningunha destas identidades (así coma a evolución da homofobia), máis alá dos anos 2000, debido a que para iso precisaríase máis espazo para escribir, e máis tempo para poder analizar en profundidade (pero hai traballos que tamén inclúen xa a década dos 2000 entre os seus estudos, coma o de Baya Gallego).

1. A represión estatal da homosexualidade na España pre-pandémica (1934-1978)

Antes de abordar o posible cambio que a homofobia puido experimentar en España coa chegada da pandemia de VIH/sida, sería conveniente analizar a situación anterior. A evolución do marco legal, é unha boa forma de comprender coma o réxime franquista (e inicialmente, o republicano), tentaron reprimir aos homosexuais.

1.1 Da lei de vagos e maleantes republicana a lei de vagos e maleantes franquista (1934-1954)

A homosexualidade coma concepto, é un termo clínico que se desenvolveu dende o século XIX en determinadas disciplinas (destacando Medicina), e que se usou para designar o que se consideraba unha doenza que afectaba ao ser humano. As interpretacións sobre as orixes ou as causas desta doenza, varían en función dos autores, destacando no ámbito español a figura de Gregorio Marañón¹. Non obstante, no aspecto legal, non haberá unha forma xurídica que castigue a homosexualidade ata a chegada do Código Penal de 1928, por mor da relación que se estableceu entre homosexualidade e criminalidade, pero será máis relevante a lei de vagos e maleantes republicana de 1933 (redactada por Jiménez de Asúa e por López Rey²), a cal proporcionou a posibilidade de someter aos homosexuais aos mesmos castigos ca os dun criminal calquera, aos que se lle engadería a característica de estar enfermos, o que viña da man de correntes médicas españolas que estaban moi influenciadas polo psicanálise e outras correntes estranxeiras no ámbito científico (Vázquez García F. y., 1997 , págs. 258-268)³.

¹ Para saber máis, véxase a monografía *Los invisibles: Una historia de la homosexualidad en España, 1850-1939*, de Francisco Vázquez García e Richard Cleminson.

² Luis Jiménez de Asúa, foi un penalista español moi influínte antes da Guerra Civil, que obtivo a cátedra na Universidade Complutense en 1918; Manuel López Rey, foi un discípulo de Luis Jiménez de Asúa, o cal completou o seu doutorado en 1931 en Madrid, aínda que xa exercera coma xuíz previamente en Lugo e en Córdoba. Jiménez de Asúa, participaría como secretario vocal na *Comisión Jurídica Asesora de la República* en 1933, e ambos, nese mesmo ano, traballaron en conxunto no *Comité Organizador del V Congreso Internacional de Unificación del Derecho Penal*, exercendo Jiménez de Asúa coma presidente, e López Rey coma secretario. Froito desta colaboración, redactarían diversas obras en equipo, destacando neste ámbito *El nuevo Código Penal* (1933) (Blasco Gil, 2017, págs. 209-215).

³ Non obstante, outros autores coma Geoffroy Huard, sinalaron que a lei de vagos e maleantes republicana, non incluía a homosexuais, e non será a ata a de 1954, cando estes serían incluídos (Huard, *Los antisociales. Historia de la homosexualidad en Barcelona y París, 1945-1975*, 2014, págs. 96-105). Este autor, sinalaría que a lei de 1954, castigaría o “acto homosexual en si”, e non ao “homosexual” propiamente dito, aos que identificaba coma “antisociais” ou “persoas perigosas”. Lei de vagos e maleantes republicana, [vd. anexo 1](#).

Esta represión legal, sentou un precedente para a lei do 15 de xullo de 1954, da etapa franquista, a cal trataba de castigar con maior dureza os “comportamentos homosexuais”, catalogando unha serie de “causas de propagación”, que serían as seguintes: o proselitismo ou o intento de “imitar as clases altas” de rapaces novos de orixe máis humilde, o narcisismo da xuventude e a vida fácil e cómoda (establecendo unha estreita vinculación entre o vago e o homosexual)⁴. Non obstante, esta lei posuía un carácter predelictual ou de dereito preventivo, polo que consideraba ao homosexual unha sorte de criminal en potencia, relegando a un segundo plano, a condición de “enfermo” que se estivera a cultivar anteriormente. A súa vez, tamén inclúe un aspecto de “reinserción social”, mais non será a ata a chegada da lei de peligrosidade e rehabilitación social (1971), cando se trate de levar verdadeiramente a cabo unha política de reinserción (Mira, 2004, págs. 287-329)⁵.

1.2 Da lei de vagos e maleantes a lei de peligrosidade social (1954-1978)

Nos vindeiros anos, o réxime decidiuse por cambiar a súa política no que respecta a represión da homosexualidade. Para comezar, cabería mencionar una serie de iniciativas levadas a cabo en España dende o ámbito privado, que buscaban promover “a decencia”, a moral católica ou os valores familiares, coma foi o caso da Asemblea Nacional da Cruzada da Decencia, fundada en 1958 e que operaría ata 1967, momento no que adoptou o nome de Asemblea Nacional Pro Moralidade Pública; este tipo de institucións, axudaban a opoñer a homosexualidade contra unha serie de piares básicos para o Réxime, coma a familia e a moral católica. Esta oposición entre homosexualidade e familia católica, podemos observala tamén en Francia (coa particularidade de que no caso francés, estamos ante unha democracia, non unha ditadura) mais no caso español hai que sumarlle a equiparación entre homosexualidade (mesmo referida como sodomía) co

⁴ Lei de vagos e maleantes franquista, [vd. anexo 2.](#)

⁵ Esta lei, afectaba sobre todo aos homosexuais que “eran visibles”, coma os chaperos, os que mantiñan relacións sexuais en espazos públicos (*cruising*) e similares. Aqueles homosexuais que eran de clase alta, dispoñían de máis posibilidades para evitar a represión (podían ir a bares específicos, a unha serie de locais máis discretos ou mesmo podían irse a un lugar de Europa que tolerase a súa orientación sexual). Non en balde, Geoffroy Huard denominou a represión legal dos homosexuais en España coma unha “xustiza de clase”. No que respecta as lesbianas, estas non foron incluídas na represión legal, e isto non se debe a que fosen máis toleradas, senón a que os propios redactores da lei (así coma a sociedade en xeral), non concibía a idea de que dúas mulleres puidesen establecer relacións sexuais de maneira satisfactoria (Olmeda, 2004, págs. 84-161).

comunismo, que se pode observar con claridade na obra de *Sodomitas* (1956), de Mauricio Carlavilla, cuxa obra supón un delirio, no que o “homosexualismo” constituiría unha ameaza que podería provocar a caída do Estado franquista, e por se fose pouco, comparaba a homosexualidade co comunismo, o ateísmo, a destrución da familia e o satanismo (Huard, *Los antisociales. Historia de la homosexualidad en Barcelona y París, 1945-1975*, 2014, págs. 48-53).

Con todo, a partir de 1960, a situación en España comezaría a cambiar, o que provocaría a aparición dun marco represivo novo. Agora, os xuristas entenderon que o “homosexualismo” estíbese a desenvolver máis en España debido ao auxe da urbanización e do turismo (Huard, *Los antisociales. Historia de la homosexualidad en Barcelona y París, 1945-1975*, 2014, págs. 96-105). Adoptáronse novas medidas para frear ou reconducir os males do “aperturismo”. Deste xeito, a LPRS (lei de peligrosidade e rehabilitación social), pode considerarse coma unha resposta do Estado tardo franquista aos “ventos de liberalización mundiais” (as revoltas de *Stonewall* en Estados Unidos, ao xurdimento do Fronte de Liberación *Gai* en Londres, e a outros movementos máis combativos sumados a aplicación de lexislacións máis permisivas que aparecían ao longo do globo), aínda que esta lei non supuxo unha re interpretación da homosexualidade coma tal, si incorporaba, coma xa se mencionou con anterioridade, esa “reinserción social” do homosexual (Huard, *La penalización de gais, lesbianas y transexuales y la reparación tras 40 años de políticas de olvido*, 2019, págs. 28-42)⁶.

Para poder comprender a consecuencia da promulgación da LPRS, apuntamos que, en 1968, abordárase a reforma de regulamento do servizo de prisións, establecendo unha clasificación das cárceres en centros de prevención, centros de detención e centros de corrección ou de cumprimento de medidas de seguridade (estes últimos, son os que nos interesan). Así, numerosas persoas serían levadas a estes últimos centros, para seren “estudiadas” (mesmo eran divididas en categorías, en función a criterios arbitrarios relacionados coas preferencias sexuais) e “rehabilitadas”, aínda que, coma xa pasaba coa

⁶ Lei de peligrosidade social, [vd. anexo 3](#).

lei de vagos e maleantes, non estaba moi claro quen tería que ir a estes espazos (Olmeda, 2004, págs. 169-206)⁷.

Non obstante, a LPRS converteuse nun dos símbolos da loita pola liberación sexual dos homosexuais (así coma doutros grupos dentro do colectivo), na década de 1970 (a devandita lei, seguiu en vixencia – sufrindo numerosas modificacións- ata 1995), namentres a lei de vagos e maleantes (entendida coma exclusivamente franquista - obviando os precedentes republicanos-), é a que se recorda coma o principal elemento da represión contra os homosexuais durante a ditadura.

2. A liberación dos homosexuais na España da pre-pandemia de VIH/sida (1971-1978)

Coma se fixo mención no apartado anterior, a loita contra a LPRS supuxo un acicate para o despegue do movemento de liberación de homosexuais en España. O perigo que a nova lei de penalización da homosexualidade supoñía para estes, provocou que Francesc Francino e Armand de Fluvià trataran de facer todo o posible para impedir a promulgación da lei, polo que Armand de Fluvià escribiulle a André Baudry, director da revista francesa *Arcadie* (a cal seguía unha corrente homófila), para contar coa súa axuda (especialmente, a nivel de financiamento). A súa vez, Rafael Rosillo y Herrero, membro da alta sociedade madrileña, foi contactado por estes personaxes para poder intervir contra as leis que se estaban a fraguar neste contexto. En principio, grazas a colaboración homófila franco-española, modificouse o texto de lei orixinario da seguinte maneira: non se debía de cualificar a todos os homosexuais con máis de dezaseis anos de “perigosos sociais”, senón só a aqueles que realizaran “actos de homosexualidade”.

Unha vez que foi promulgada a lei en 1971, Armand de Fluvià creou un grupo moi reducido de 4 persoas, que inicialmente se denominaría *Agrupamiento Homófilo para la Integración Social/Igualdad Sexual* (AGHOIS), e que derivaría no *Movimiento Español*

⁷ Desta maneira, levábanse a cabo verdadeiras barbaridades baixo o pretexto de “curar” aos pacientes. Durante o Congreso Médico de San Remo de 1973, chegou a facerse a seguinte afirmación: “ Mi último paciente era un desviado. Después de la intervención quirúrgica en el lóbulo inferior del cerebro presenta, es cierto, trastornos en la memoria y en la vista, pero se muestra más ligeramente atraído por las mujeres” (Olmeda, 2004, pág. 289). As lobectomías, ou as terapias de choque, eran dous dos métodos empregados para “sanear” a estes enfermos, unhas prácticas que tamén se levaban a cabo en establecementos psiquiátricos (aínda que na década de 1970, estamos ante os inicios do movemento anti-psiquiátrico, que, entre outros obxectivos, dubida da efectividade destes tratamentos).

de Liberación Homosexual (MELH), un movemento que buscaba abarcar toda a xeografía española, aínda que inicialmente se limitase a Barcelona. Non obstante, o grupo dividiuse en máis subgrupos, que acabarían entrando en contacto co movemento *gai* internacional, presentando unha evolución moi clara: inicialmente, este movemento tentaría xustificarse dentro da sociedade, pero acabaría criticándoa. Esencialmente, este movemento estaba conformado por burgueses e por persoas que se atopaban na oposición ao franquismo.⁸

A AGHOIS, decidiu editar un boletín baseado no modelo da revista *Arcadie*, e os seus membros estrela (Rosillo, Fluvià e Francino), serían os encargados de dirixilo, así como de facerse cunha multicopista para difundir as súas ideas, tras entrar en contacto coa Alianza Activista *Gai* (*Gay Activist Alliance-GAA-*), e tras coñecer a ideoloxía radical de liberación *gai* que este grupo levaba aparexada (a cal non foi empregada debido a que atopaban máis adecuada unha aproximación homófila no escenario español). O obxectivo básico da revista, era crear unha rede de solidariedade entre todos os homófilos españois, coincidindo coa mesma meta que tiña *Arcadie* en Francia.

A revista foi variando a súa frecuencia de publicación ao longo dos anos, así coma a súa orientación: en 1973 xa se acercaba máis a ideoloxía radical de liberación *gai* e as ideas marxistas⁹. Con todo, o cambio de dirección na revista de *Arcadie* en febreiro de 1973 (de André Baudry a Michael Holm) provocaría que fose máis difícil continuar o proxecto maiormente liderado por Fluvià en España, quen tivo que pechala en 1974 por (segundo Fluvía), problemas nos envíos da revista, aínda que realmente deberíase a falta de medios económicos. O MELH, evolucionaría para converterse no *Front*

⁸ Este tipo de organizacións, nacen a partir de episodios de protesta, mediante a interacción coas autoridades, con aliados e con terceiros; xeralmente, a través de redes locais, que se expanden grazas a difusión da acción colectiva e, en último termo, desaparecen ou amplían o seu radio de acción ata alcanzar o ámbito rexional e nacional. As redes interpersoais (coma a de Fluvía con esas catro persoas), son fundamentais para que o movemento poida sobrevivir aínda que a organización desapareza. As redes interpersoais, así mesmo, son depositarias das presións normativa e dos incentivos solidarios que dan vida aos movementos e os sosteñen; pero claro, aparte de redes, é necesaria a creación de modelos organizativos o suficientemente fortes como para estruturar a acción colectiva; aínda que, paralelamente, estes modelos deben de ser o suficientemente flexibles como para chegar ata redes e comunidades de protesta informais que vencellen a unhas persoas con outras (Tarrow, 2012, págs. 218-220).

⁹ Pese a que a LPRS, realmente non modificaban tanto a situación dos homosexuais no Estado español, esta si serían o desencadéante da maior politización do colectivo. Xa na primeira metade de 1970, podemos observar ese espírito máis reivindicativo dentro da sociedade, e coa morte de Franco en 1975, este “movemento de protesta” seguirá o seu transcurso (sen supoñer a morte do ditador un fito clave) (Mira, 2004, págs. 447-489).

d'Alliberament Gai de Catalunya (FAGC), que publicaría o seu manifesto en 1977 (Huard, Los antisociales. Historia de la homosexualidad en Barcelona y París, 1945-1975, 2014, págs. 308-338).

De feito, tras as primeiras eleccións xerais (15 de xuño de 1977), a despenalización da homosexualidade pasou a ser unha cuestión de meses. Todo este avance, foi posible grazas a presión social que había nas rúas, en particular as numerosas manifestacións e accións dos distintos movementos *gais* en España en contra da LRPS. O 21 de maio de 1977, a *Coordinadora de Frentes de Liberación Homosexual del Estado Español* (COFLHEE), presentou á prensa a súa campaña contra esta lei. Xa o 26 de xuño dese mesmo ano, tería lugar a primeira manifestación do Orgullo *Gai* en Barcelona, e ao fervor das rúas, sumáronse os motíns das prisións, xa que os presos queixábanse de que non podían desfrutar da amnistía parcial de 1976 nin da de 1977. Cabe mencionar que, o FAGC, estivo moi presente en todo este proceso.

Finalmente, dende a esquerda, se presentaría en setembro de 1977, unha proposición de lei para modificar a LPRS, aínda que sen mencionar a despenalización da homosexualidade. Non obstante, en febreiro de 1978, o Partido Socialista Obrero Español (PSOE) presentaría a devandita despenalización aínda con reticencias internas, e este mesmo partido asumiría o contido da emenda (aínda que os aspecto máis “duros” da lei quedarían xa obsoletos, a lei coma tal, coma xa se mencionou con anterioridade, non sería totalmente eliminada ata 1995¹⁰), (Huard, La penalización de gays, lesbianas y transexuales y la reparación tras 40 años de políticas de olvido, 2019, págs. 28-42).

As reticencias internas que se acaban de mencionar, refírense a que os delitos de homosexualidade, adulterio, amancebamento, aborto e anticoncepción, non foron contemplados na amnistía parcial (Real Decreto Lei do 10/1976), debido a que se consideraban como delitos de perigosidade. Sería o PCE (Partido Comunista de España),

¹⁰ Aínda que o 11 de xaneiro de 1979, quedaría *de iure* despenalizada a homosexualidade no Estado español (liberándose os homosexuais presos en febreiro dese mesmo ano), esta despenalización foi parcial, posto que habería que esperar ata 1983 para que se eliminase da Audiencia Nacional os delitos de “escándalo público”, e ata 1987, non se recoñeceu por primeira vez no Tribunal Supremo o dereito dunha muller *trans* a cambiar o seu nome. A derogación definitiva do delito de “escándalo público” (máis aló da Audiencia Nacional), o cal penaba aos homosexuais que realizaban actos sexuais, considerándoos delincuentes e procesándoos, tivo lugar en 1988. De maneira xa residual, a lei de perigosidade social, non sería totalmente eliminada do Código Penal ata a modificación deste en 1995 (Jimeno Aranguren, 2019, págs. 152-171).

liderado por Santiago Carrillo, o que presentou unha proposición de lei de amnistía xeral, que debían de englobar aos delitos que afectaban as mulleres (adulterio, aborto e anticonceptivos). Entón, o grupo socialista presentaría unha proposición de amnistía Total, incluíndo os “delitos de adulterio y afines”, sen concretar que eran “afines”.

Coma a promulgación da lei de amnistía do 15 de outubro de 1977 non incluía aos homosexuais, estes mobilizáronse pola derogación da LPRS, pero o poder lexislativo non se atreveu a lexislar sobre a materia, ata pasado o referendo da Constitución española (Jimeno Aranguren, 2019, págs. 152-171). Polo tanto, podemos inferir que a homofobia era un fenómeno que afectaba a todo o espectro político, dende a dereita máis vencellada ao Réxime, ata as filas do PCE, pero nun contexto reivindicativo no que se están a demandar numerosos dereitos entendidos como “liberdades pertencentes ao pobo ou aos individuos”, a liberdade sexual (que se vincula con moita facilidade co amor entre *gais*) serviu coma a súa plataforma¹¹.

Debemos ter en conta que, durante a Transición (nomeadamente, 1975-1978), abandonáronse as limitacións sobre a representación do sexo na escola ou na cultura popular a outra na que o sexo está practicamente en todas partes. Unha serie de modelos de vida e expresións individuais comezaron a presentarse como aceptables, namentres outros non recibirían atención algunha; os homosexuais foron axentes e vítimas deste proceso en todo momento. Así, instalábase un sistema de representación máis explícito, e a súa vez, máis sometido a unha serie de convencións de características ben definidas en termos de heterosexismo¹². Desta maneira, pasamos dunha identidade máis armarizada, a unha identidade *gai* potencialmente pública que se expresa en primeira persoa e que constitúe en si, unha transición (Mira, 2004, págs. 415-447).

Polo tanto, moitos elementos que formaran parte do marco represivo da homosexualidade (coma a vinculación entre homosexualidade e comunismo – xa case desaparecida dende a década de 1960 no franquismo- ou a vinculación entre a

¹¹ Homofobia como unha constante en todas as formacións políticas, [vd. anexo 4](#).

¹² O heterosexismo, o podemos definir coma una sorte de sistema de crenzas que trata a heterosexualidade coma unha orientación superior ou máis natural que calquera outra sexualidade, o que o distingue da homofobia, xa que esta última consiste na aversión que senten distintos individuos ao tratar con persoas *gais*. Ademais, o heterosexismo non se percibe tanto nas acción dos individuos, senón na cultura, nas institucións, etc. (Van Voorish & Wagner, 2002, págs. 345-346).

homosexualidade e perigosidade ou delincuencia), nos anos de 1970 (e especialmente, na segunda metade), comezan a desaparecer. A idea do homosexual coma enfermo, reaparecerá de novo dende comezos de 1980, pero con presupostos moi distintos aos que tiña respecto a primeira metade do XX (agora, a homosexualidade non é unha enfermidade coma tal, pero os homosexuais si “serían máis proclives que outras persoas” a “portar” unha enfermidade, polo seu estilo de vida). Con todo, a idea de que a homosexualidade constitúe unha ameaza tanto a familia como a fe, vai a seguir estando presente, adaptándose a homofobia aos novos tempos (especialmente no que respecta a idea de que a “homosexualidade ameaza a estrutura familiar”).

3. A chegada da pandemia de VIH/SIDA a España (1981-2000)

Ao longo deste apartado, tratarase de analizar unha serie de datos básicos sobre a pandemia de VIH/sida (a definición de VIH e sida, así coma as pautas de contaxio do virus; coma se constrúe o imaxinario no escenario español e algunhas representación na cultura visual). A homofobia no Estado español, vai a mudar debido a aparición dunha nova “arma de fogo” que serve para condenar o sexo en xeral, as vidas disolutas e (aínda que mantendo os prexuízos de décadas anteriores), ao colectivo *gai*.

3.1 Información básica sobre a enfermidade (1981-2000)

“La maladie fut ressentie non seulement comme “étrange”, á cause de ses caractéristiques épiémologiques et cliniques singulières, mais aussi comme essentiellement “étrangère”, faisant irruption dans un monde ordonné, à partir des pays sous-développés et par l’intermédiaire de sous-groupes marginaux et moralement répréhensibles. Comme l’exprime bien le titre de l’un des premiers livres sur le sida, sa cause ne pouvait être qu’”un virus étrange venu d’ailleurs””[A enfermidade percibiuse non só coma “estraña”, polas súas características singulares tanto epidemiolóxicas coma clínicas, senón a súa vez coma esencialmente “estranxeira”, unha enfermidade que irrompía nun mundo ordenado, debido á presenza de países subdesenvolvidos – hoxe en día diríamos do “Polo Sur”- e tendo coma intermediarios a grupos marxinais e moralmente reprochables. Coma o explica ben o título dun dos primeiros libros sobre o sida, a súa orixe non podía ser outra ca de “un virus estraño chegado dende todas partes”](Grmerk, 1995 pág. 25).

Dende logo, a pandemia do VIH/sida asolagou ao mundo enteiro de súpeto, sen que ninguén soubera como actuar contra ela, pois presentaba unhas características moi peculiares. O primeiro país que detectou a enfermidade foi Estados Unidos de América; aínda que xa dende finais de 1979, o médico estadounidense Joel Weisman, comezara a detectar un síndrome que xeraba mononucleoses, diarreas e unha sorte de candidíase, que afectaba especialmente a “homosexuais mozos”, aínda que o primeiro anuncio relativo a aparición desta enfermidade, apareceu o 5 de xuño de 1981, segundo a axencia de epidemioloxía estatal estadounidense ou CDC (*Center for Disease Control*), un anuncio que se centrou en 5 casos graves de pneumonía, que afectaba a 5 homes mozos, que incorrían en “prácticas homosexuais”. E aínda por encima, o sarcoma de Kaposi, unha afección crónica que tendía a afectar a persoas maiores cuxa procedencia étnica era moi concreta, tamén o presentaban estes pacientes (Grmerk, 1995 págs 25-41). Desta maneira, xa temos o prexuízo creado, así coma os primeiros casos da pandemia; a finais de 1981 e inicios de 1982, esta “nova peste” chegaría a Europa Occidental, incluíndo a España.

Agora que xa temos claro os inicios da pandemia, debemos de comprender que é o SIDA e o VIH. Non son o mesmo: o SIDA (síndrome de inmunodeficiencia adquirida), fai referencia a un estado clínico concreto que foi causado pola infección de VIH, namentres que o VIH (virus de inmunodeficiencia humana), é un virus que unha vez ingresado no corpo (mediante unha infección), se non se contrarrestan e se reducen os danos no sistema inmune, o que pode ocorrer e que este sistema se atope tan debilitado que sexa atacado polas chamadas “enfermidades oportunistas” (coma a pneumonía de antes).

Non é o mesmo ser portadora ou portador de VIH e ter o cadro clínico do sida -preferirase a expresión lexicalizada ao longo do traballo-: unha persoa infectada por VIH é seropositiva e desenvolverá o cadro clínico denominado sida se o seu nivel de linfocitos T CD4 baixa das 200 células por milímetro no sangue (o que provoca esa aparición de enfermidades oportunistas). Hai tratamentos médicos para as portadoras e os portadores de VIH, o cal, aínda que non erradica o sida, si impide que os linfocitos T CD4 descendan (ata certo punto). No que respecta a transmisión, o VIH transmítese mediante certos fluxos corporais: sangue, seme, secrecións vaxinais, leite materna e líquido preseminal.

Se os fluxos dunha persoa portadora entran en contacto co torrente sanguíneo doutra persoa, pódese producir a infección ou re-infección de VIH. Para previr esta infección, a solución está na profilaxe con látex no caso das relacións sexuais, e na utilización adecuada de material parenteral (coma por exemplo, xiringas), dun só uso e nunca compartido con outras persoas (Baya Gallego, 2015, págs. 65-78).

Para aportar unha serie de datos básicos da pandemia no escenario español, poderíamos engadir neste apartado unha serie de cifras representativas. Hasta finais de marzo de 1996, 38.393 persoas desenvolveron sida en España, das cales un 52,8% morreron. España, constituíu o país europeo co porcentaxe máis elevado de casos de Sida por habitante, polo menos a mediados dos anos noventa (Vicente Aliaga, 2000, págs. 89-107). Estes datos, os podemos contrastar co caso galego, no cal temos un período de estudo maior para este traballo (1981-2008), no que se rexistraron un total de 3.766 casos, dos cales 2.085 faleceron (o 55,4%). En 1997, iniciouse un descenso continuado no número de casos novos da enfermidade, chegando en 2005 a situarse debaixo dos 100 casos anuais.

Non obstante, esta diminución da incidencia do sida non produce un efecto paralelo do número total de poboación afectada, máis ben, é debido á diminución na mortalidade; a prevalencia da enfermidade e o número de persoas infectadas polo VIH están a aumentar. Neste período, a práctica de risco máis asociada á transmisión desta enfermidade en Galicia é compartir material de inxección para a administración parenteral de drogas, xa que supón un 64% dos casos; as prácticas sexuais heterosexuais non protexidas corresponderíanse co segundo caso (21%), e o terceiro casos serían relacións entre varóns “de risco” (11%); o 5% restante, probablemente, débese a relacións sexuais non protexidas entre mulleres -que si se nomean-, e a outros factores coma pode ser a transfusión de sangue ou o a presenza dunha nai con VIH/sida, os cales son máis difíciles de contabilizar¹³. Hai unha tendencia a que se diminúen os casos de infección polo primeiro suposto, namentres aumentan os casos por prácticas sexuais non protexidas nos últimos anos. Para finalizar, cabería mencionar que entre os anos 1997-1998, produciuse unha baixada moi considerable, de máis do 40%, estabilizándose a incidencia que roldaba

¹³ Gráfico sobre a transmisión de sida en Galicia, [vd. anexo 5](#).

os 40 casos por millón de habitantes, notificándose só 140 casos novos entre 2001-2008 (Xunta de Galicia , 2009, págs. 38-39).

Co obxectivo de comparar co caso galego, podemos observar as cifras do resto de España, por exemplo, a altura de 1996, aínda que apenas distan das que se acaban de ofrecer (se cadra, hai máis incidencia asociada a relacións sexuais non protexidas de persoas do colectivo, tanto *gais*, como bisexuais e etc.), xa que son as seguintes: 64% dos casos débense a usuario de droga por vía parenteral, 14'5 a relacións sexuais heterosexuais non protexidas e un 12,6% a relacións sexuais non protexidas de *gais*. A súa vez, tamén hai un 9% (aproximadamente), que non está reflectido debido a que a infección non se produciu por ningunha destas tres vías (puido ser por transfusións de sangue, por sexo entre mulleres ou pola presenza dunha nai con VIH/sida coma se mencionou con anterioridade), (Vicente Aliaga, 2000, pág. 91).

3.2 A construción do imaxinario da pandemia (1981-2000)

Este apartado é indispensable para entender coma a pandemia de VIH/sida levou á creación dun imaxinario moi concreto, o cal foi construído de maneira “colaborativa” (medios de comunicación, cine, a Igrexa e outras institucións, entidades e medios de masas), que xeraron unha cultura visual específica, e afectaron ao discurso homofóbico do momento.

A desinformación, o rumor e o estigma, foron tres elementos fundamentais que acompañaron á pandemia, especialmente durante a súa eclosión, xa que configuraron un mito que afectou a unha xeración enteira, e que cambiou as formas de relacionarse de maneira afectiva, de ter sexo con coñecidas e coñecidos (así coma de descoñecidas e descoñecidos), e de participar e visitar algúns espazos. Moito dos espazos que na época de 1970 afloraran coma zonas de posibilidade (especialmente nos Estados Unidos, aínda que non só), víronse truncados pola expansión neoliberal e o sida (os discursos de “por moito que saia a rúa, non vexo a sociedade da que falan, só vexo individuos”, e de “o Goberno non é a solución ao noso problema, o Goberno é o problema”, de Margaret Thatcher -presidenta de Reino Unido- e de Ronald Reagan -presidente dos Estados Unidos- respectivamente, independentemente da simpatía ou apatía que poidan espertar estes personaxes, non axudaban na loita contra unha pandemia mundial); do pasmo ou

estupor emotivo inicial que se viviu coa pandemia (xa dende 1985), os medios de comunicación amplificaron o pánico ao comezar a emitir “información” sobre a “enfermidade invisible”, aumentando a percepción do medo (Lébovici, 2020, págs. 11-45).¹⁴

De feito, tal e coma estableceu a propia Lébovici, o sida foi unha “epidemia psicomediática”, correspondéndose coa primeira nada en tempos da televisión, o que favoreceu a extensión do medo (Lébovici, 2020, pág. 11). Claramente, podemos atopar paralelos con este medo e desinformación, coa recente pandemia de COVID-19. Todo este medo, desinformación e prexuízos, emitidos dende as institucións antes mencionadas, outorgaron unha noción que serviu para consolidar un imaxinario específico, no que os varóns *gais* víronse rapidamente envoltos. O imaxinario dos anos oitenta, era o da exclusión, de provocar medo e do terror, e ata certo punto superou esa década; ao non crearse ningún imaxinario novo, á hora de tratar este tema, vólvese continuamente a este imaxinario xa construído, que é anacrónico. No caso do Estado español, quedaron rexistrados unha persoa drogodependente por vía parenteral e un varón homosexual coma as primeiras persoas que amosaron síntomas de VIH, aínda que xa se seguía un perfil determinado para facer este tipo de probas cando a infección chegou a este país.

Iso si, unha das principais diferencias do Estado español respecto a outros países, é que a maioría das infeccións producíronse por vía parenteral (coma se puido observar nas cifras do apartado anterior), pero España, importou o imaxinario dos Estados Unidos, e viuse moi afectada polos discursos que saían dende ese país, tanto a nivel científico coma

¹⁴ No caso dos Estados Unidos, a presidencia de Reagan foi a que tivo que lidiar coa pandemia. Pero non o fixo. Ata 1987, este presidente non mencionou o VIH nun discurso público. Polo tanto, todas as iniciativas contra a pandemia no caso deste país, xurdiron da sociedade civil: Cleve Jones, iniciou en 1985 a chamada “colcha contra o VIH” (*AIDS quilt*), coa que se trataba de reivindicar os falecidos pola pandemia; ACT UP, outra asociación, protagonizou en 1992 o “Acto das Cinzas” (*Ashes Action*), no que, diante da Casa Branca, soltaron as cinzas dos seus seres queridos os cales morreran por mor da pandemia. Coma o VIH comezara a afectar máis a poboación heterosexual na década dos 90, Bill Clinton, para a súa campaña presidencial de 1992, capitalizou a cuestión do VIH para sumar apoio nas próximas eleccións (“*I had a vision, and you are part of it*”). Tras obter a presidencia, o Goberno de Clinton si investiu no estudo e tratamento desta infección (Bausum, 2015, págs. 98-105).

social¹⁵. Aínda que, orixinalmente, en España, saíron noticias relacionadas con cárceres e persoas toxicómanas, o que si rompe ata certo punto coa idea norteamericana, isto non difire con Estados Unidos da idea que nos dous casos estes grupos (que se denominaron “de risco”), acabaron moi mal considerados socialmente¹⁶ (Baya Gallego, 2015, págs. 121-126). Polo tanto, podemos concluír este apartado, sostendo que Estados Unidos influíu na maneira na que España catalizou a pandemia de VIH/sida, o que tamén influíu na propia construción de estereotipos, moi marcados por este medo á infección e a “invisibilidade” da enfermidade.

4. A loita contra a pandemia de VIH/sida e contra a nova homofobia (1981-2000)

Neste caso, para tratar estas dúas décadas (as seleccionadas debido a que se corresponden co auxe e co espallamento da pandemia), vaise a analizar as campañas levadas a cabo polo Goberno, debido a que o tratamento da pandemia é distinto en función ao contexto no que nos atopemos, e pode ser máis ou menos prexudicial para a poboación. A continuación, teranse en conta os esforzos do colectivo para tentar saír do estigma xerado dende múltiples institucións. Non só se terán en conta figuras do ámbito español, senón tamén do internacional. Habería que facer un apunte: no contexto do Estado español, hai un gran cambio entre os anos do franquismo e os actuais (pos-franquistas ou democráticos, coma se prefira), xa que non estamos xa a observar a represión dende o marco legal do Estado, e de feito lévanse a cabo campañas gobernamentais para tentar atallar o problema dunha maneira máis ou menos razoable (quizais con maior ou menor éxito, pero non se busca directamente atacar ao colectivo, que agora si podemos referilo desta maneira), non obstante, o medo a “perversión do homosexual” que se pode

¹⁵ Este imaxinario, sinalaba máis aos homes *gais* (aínda que á hora de tratar a homofobia en España e en Estados Unidos hai máis diferenzas, xa que para empezar son morais católicas e protestantes as que se dirixen contra esas “prácticas incorrectas”), debido a que en Estados Unidos a década dos sesenta e dos setenta, vira o paso da sexualidade dunha esfera máis íntima, a unha máis pública, así coma un movemento de reacción consolidado coa chegada de Reagan ao poder na década dos oitenta, quen fora apoiado pola Nova Dereita, os *newborn christians* (novos cristiáns) coma Pat Robberson, e os neloiberals da Escola de Chicago, destacando Milton Friedman.

¹⁶ De feito, hai que ter en conta que, pese a que os medios de comunicación españois importaron o imaxinario de Estados Unidos, a idea de que os primeiros casos tiveran lugar nese país, provocou a sensación errónea de que as posibilidades de infección son baixas, ao que se sumou a información sesgada e a confusión de calquera persoa española, a cal seguía fielmente as verificacións científicas estadounidenses. A comunidade *gai*, rexeitou a identificación homofóbica que se realizou da enfermidade, sinalando os prexuízos da “verdade científica” (Aliaga, 2000, págs. 89-107).

contaxiar, seguiu no Estado democrático; pero xa non se contaxia a “homosexualidade”, senón o VIH/sida, o cal é mortal.

4.1 O novo contexto: homofobia e campañas estatais e o VIH/sida (1988-1995)

Sería conveniente comezar por ser conscientes de quen estaba ao mando do Goberno ao longo destas dúas décadas: Felipe González Márquez (do Partido Socialista Obrero Español, entre 1982-1996). Aínda que tamén deberíamos de ter en conta que José María Aznar López do Partido Popular, gobernou nos últimos anos da década de 1990 (entre 1996-2000), neste ensaio unicamente vamos a incluír as campañas levadas a cabo polo Goberno de Felipe González.

O xiro socialista que experimentou España dende 1982, sumados a consecución de dereitos e liberdades durante a Transición, derivou nunha maior desmobilización política nos anos oitenta (incluíndo as colectivo de lesbianas e *gais*), debido a obtención de certos dereitos e liberdades durante o marco de oportunidades que se abría durante a Transición (chegouse a un certo “conformismo”). Neste contexto, desenvolveuse un novo tipo de homofobia, que podemos denominar coma “homofobia liberal”.

Podemos resumila baixo a frase de “si, pero ...”. Esta homofobia, estaba imbricada dentro dun sistema que resulta indistinguible doutras actitudes. Combinouse unha retórica progresista no social, cunha estrutura que non era completamente “anti-*gai*”, pero que si insistiu en poñer límites a visibilidade (amparándose, iso si, nos discursos homófobos que estivemos estudando ao longo do traballo); así, fálase dunha igualdade que pasa pola invisibilidade. A homofobia liberal, non é prerrogativa do heterosexual, posto que asentouse en actitudes dos propios *gais* e subxace tra-la reticencia de certa parte do colectivo de aceptar certos modelos identitarios e de certas actitudes reivindicativas. Este tipo de homofobia, non ofrece igualdade aos *gais*, tan só tolerancia, xa que a cambio de renunciar a certas posibilidade de visibilidade, así coma da reivindicación de modelos de vida que están lonxe da parella monógama, ou de outras reivindicacións similares, oferta unha vía na que convivir na sociedade heterosexista (Mira, 2004, págs. 570-576).

Nesta situación, ante o xurdimento deste tipo de homofobia, chegou a primeira campaña do Estado español en 1988, que podemos denominar coma “Si-Da, No-Da”¹⁷. Esta campaña, baseouse na realización dunha curtametraxe de debuxos animados, presentadas cun ton desenfadado e facilmente asimilable e dirixíndose a un conxunto heteroxéneo da poboación pola que o linguaxe é fundamental para representar escenas coma as do acto sexual entre varóns, que doutra forma, poderían resultar pouco adecuadas para a súa emisión en calquera horario do anuncio. O devandito anuncio, deixa claro que intervén unha persoa portadora e outra non no caso de infección de VIH/sida, pero quizais non consegue que os espectadores se identifiquen coa curtametraxe.

Este anuncio faise eco nas súas representacións dos chamados “grupos de risco”, á vez que se move nunha dicotomía mediante a cal tratan de evitar caer no tabú pero aludindo a estereotipos, creando unha corrente de opinión errónea sobre a quen lle afecta o VIH/sida (e estendendo a noción de que había que defenderse do seropositivo, e non do virus). Pese a transmitir unha idea de inocencia por seren debuxos animados, amósanse actitudes e roles moi concretos, deixando de aludir a gran parte da poboación que non se identificaba ou se reflexaba cos estereotipos amosados no anuncio. Ademais, cabe engadir que, a muller lesbiana, para variar, non aparece neste tipo de anuncios, namentres as relacións entre *gais* aparecen por encima de calquera outro tipo de relación no mesmo (Baya Gallego, 2015, págs. 243-247).

En resumidas contas, o sexo *gai* enténdese que é máis patóxico que patolóxico, máis asocial que social, e incapaz de defenderse, nin a nivel colectivo nin individual, polo que estaría abocado a padecer a enfermidade. O sida entón, podemos velo como unha apoteose do heterosexismo, xa que un dos seus elementos caracterizadores desta enfermidade estribou na profunda ansiedade que xeraba a imposibilidade de determinar quen era e quen non era *gai*. A partir de 1993, impúxose unha estratexia de intelixibilidade e de xestión da enfermidade que caracterizou coma paradigma do sida en tanto que a enfermidade deixou de ser “sorpresa” e comezou a ser máis crónica; mediante un discurso

¹⁷ Campaña “Si Da y No Da” de 1988, [vd. anexo 6](#).

de normalización que se implantou definitivamente coa chegada de terapias combinadas en 1996.

Ao eliminarse o axente causal do sida como prioridade, este apareceu coma unha enfermidade crónica de certos grupos da sociedade, o que, en relación coa homofobia liberal, fixou unhas determinadas formas de relación coma adecuadas, deixando a identidade do cidadán e a integridade dunha poboación xeral normal, reconstituíndose en torno a tarefas de protección en contacto íntimo cos seropositivos e permitindo o desenvolvemento de certa solidariedade cos enfermos. Neste momento, comezou a abandonarse a retórica de “grupos de risco”, sendo substituída pola de “prácticas de risco”. O discurso do sida, serviu como unha estratexia de construción imaxinaria dun grupo, sendo o seropositivo e non o virus aquel do que había que defenderse.

Toda esta evolución epidemiolóxica do VIH/sida (de endémica a epidémica, e logo a crónica), xorde da necesidade de elaborar dous discursos por parte da sociedade: un antidiscriminatorio, xa que a ameaza da identificación naturalizante do *gai* e o sida que sempre estivo presente, e outro de posición respecto ao seropositivo, no que parte das realidades e necesidades específicas relacionadas coa transmisión e a prevención en sentido global, parecen situar ao emisor deste segundo discurso na situación de sospeitoso e perigoso (Villaamil, 2004 págs. 41-57).

Non obstante, si debemos de resaltar unha das campañas contra a pandemia de VIH/sida lanzadas dende o ministerio de sanidade, que si tivo máis éxito. Esta campaña, que podemos denominar coma a de “Póntelo, pónselo”, que se iniciou o un de decembro (coma a maioría de campañas contra o VIH/sida), e conseguiu causar certa polémica debido a que promocionaba o uso do condón a hora de manter contactos sexuais, dunha maneira positiva e mesmo aludindo a idea de solidariedade, sen estigmatizar ningún colectivo nin poñer énfase nunha ITS (infección de transmisión sexual) determinada¹⁸. De feito, a Confederación Episcopal decidiu levar esta campaña perante a xustiza, baixo o argumento de que incitaba ao contacto sexual ao promocionar o látex (Vicente Aliaga,

¹⁸ Campaña “Póntelo y Pónselo” de 1995, [vd. anexo 7](#).

2000, págs. 89-107). Pese a non ser tampouco a campaña ideal, podemos considerala máis positiva ca de 1988.

4.2 A reacción do colectivo (1986-1992)

Seguindo a Alberto Mira, a fragilidade que posuía a identidade *gai* plenamente asumida (a cal tratarase máis adiante), unida durante os oitenta a homofobia liberal, acabou provocando unha crise de representación en torno ao sida, causando a súa vez que, unha xeración demasiado moza, tivera que concienciarse moi rápido, xa que o sida manifestou a facilidade coa que os recentes éxitos alcanzados pola curta existencia do colectivo poderían perigar. A homofobia de tipo liberal, non era ese movemento reaccionario que recorreu Estados Unidos (aínda que tamén sería unha homofobia liberal, seguiría outros estándares e outra moral), senón que conviviu ese dobre discurso ao que previamente se aludiu no que o sida estaba intrinsecamente vencellado ao *gai*, á vez que se defendía que ser *gai* non “tiña nada de malo”. Claramente, os discursos sobre o sida estaban ademais moi relacionados con diversos estereotipos de tradición sexofóbica ou que rexeitaban calquera esforzo por sacar o sexo do ámbito privado.

A resposta do colectivo en España non foi soada (en parte, inflúe que tampouco foi o grupo máis afectado), e, ao non contar cun réxime de representación normalizado, os *gais* non chegaron a considerarse os destinatarios de tódalas mensaxes das campañas oficiais e dos medios de comunicación, converténdose ao mesmo tempo en vítimas pasivas deste réxime de representación (Mira, 2004, págs. 600-604). Aínda que os esforzos do devandito colectivo en España precisamente non sexan destacados, si podemos resaltar o xurdimento dun énfase na promoción do sexo máis seguro de maneira tímida en 1986, cando se reuniu a COFLHEE, en Madrid, declarou: “ su preocupación por la inercia y la inoperancia de la Administración Central y autonómica de la prevención del sida”. Desta maneira, produciuse un cambio de tratamento do sida por parte do activismo *gai*, o cal pasou de tratar de facer fronte aos discursos sexofóbicos previamente mencionados, para ser percibido coma un risco factible de ser evitado. Aínda que, a despolitización, previamente mencionada xunto coa atomización do activismo dos *gais* (dividido en múltiples asociacións de tipo comarcal, rexional ou provincial), provocou unha

descoordinación a hora de poder levar a cabo accións en conxunto¹⁹ (Aliaga, 2000, págs. 89-107).

Nembargantes, pese a todos estes obstáculos, a tolerancia que proclamaba a homofobia liberal, proporcionoulle de maneira paradoxal ao activismo *gai* unha arma letal contra a propia homofobia: a representación positiva do “*gai* coma campión contra o sida”, o que favoreceu que moitas persoas coñecesen a comunidade *gai* dunha maneira positiva, entendéndoa coma unha comunidade que se lexitimaba na loita contra a infección, pese a que a sexualidade desa comunidade estivese próxima a mesma²⁰. Iso si, a divulgación de información sobre coma facer prácticas sexuais máis seguras, sumada a promoción do látex, fixo que se entendera ao seropositivo potencial coma un irresponsable, unha persoa que non posúe un futuro proxectado (Villaamil, 2004, págs 115-126).

Noutras palabras, márcase máis a liña divisoria dentro da propia comunidade *gai* entre aqueles que posúen unha vida ordenada e posiblemente ben aceptada dentro da tolerancia que ofrece a homofobia liberal, e aqueles cuxos estándares de vida non apuntaban a unha vida ordenada (sendo potenciais seropositivos, se non o son xa), e que non entrarían dentro das lóxicas da tolerancia liberal, pero agora, tampouco entrarían nas lóxicas da comunidade; a identidade *gai* fortaleceuse pola exclusión de parte do propio colectivo. Coma di o propio Fernando Villaamil, había un discurso *gai* hexemónico que xeraba serofobia (odio cara a persoa portadora de VIH/sida), dende dentro do colectivo, sumado a homofobia que existía fóra.²¹

¹⁹ Unha das contribucións na que si influíu a presenza do activismo *gai*, foi na expansión do xénero historiográfico relacionado coa homosexualidade, o cal xa se iniciara en 1970 co auxe dos movementos sociais en defensa da liberdade de orientación sexual, pero agora o asociacionismo propiciado pola estigmatización que trouxo a pandemia de VIH/sida, xunto co afloramento do movemento LGTB e a paulatina conquista de dereitos por parte das minorías sexuais, estimularon máis o desenvolvemento destes estudos (Homosexualidades, 2012 págs. 14-21).

²⁰ Un exemplo deste *gai* coma campión contra o sida, o podemos observar na película de *Philadelphia*, na que o protagonista, un home *gai* o cal, pese a sucumbir contra o sida, logra saír vitorioso nos tribunais nun caso de discriminación laboral pola súa situación coma seropositivo, e coma *gai* (Demme, 1993).

²¹ Polo tanto, entendeuse que a pandemia de VIH/sida fora o resultado da liberdade que pregoaba o movemento *gai*. En Estados Unidos, a resposta por parte desta comunidade equiparouse coa solidariedade que existira na “Era *Stonewall*”, mais a súa vez, de acordo coa homofobia liberal, o mundo *gai*, onde tiñan lugar numerosas relación que se escapaban da norma e que non podían existir na mesma, comezou a verse

Pese a esta exclusión de parte do propio colectivo, o certo é que o discurso do “*gai* coma campión contra o sida”, foi moi salientable a súa vez fóra do ámbito Español. Activistas como Juidth Butler, sostían que a idea deste discurso era facer que o loito público chegase e calase ao resto da sociedade, para que o resto do mundo comprendese que son persoas ao igual que elas, as que están a sufrir o sida; unhas persoas que poden ter unha vida precaria ou incluso peor, que están atravesando situacións terribles, e en moitos casos sen protección do Estado. A transnacionalidade da idea, sería un factor determinante que axudaría a limitar o estigma que xera o sida, ou o propio feito de ser *gai* (Zajderman, 2006 parte 6).

Cabe mencionar que, a data escollida para finalizar este apartado, correspóndese coa campaña levada por FASE, (Fundación Anti-Sida España), a ONG máis favorecida mediática e financeiramente polo Estado español. Non obstante, FASE é moi difícil de comparar coa súa equivalente francesa *AIDES* (fundada por Daniel Defert, tras a morte da súa parella, Michel Foucault), xa que a francesa efectuou unha política sen estridencias que buscaba as formas máis suaves e respectables para tratar esta problemática, namentres que a española, por exemplo, expresouse en termos máis abstractos, como foi o caso da súa campaña “Las siete respuestas claves al Sida”, lanzada en 1994.²² *AIDES* si chegou a aproximarse máis aos problemas específicos da comunidade *gai*, (quizais *ACT-UP* Paris chegou aínda máis lonxe que esta), xa que si logrou mobilizar a sociedade francesa con manifestacións e marchas. O que si lle podemos outorgar a FASE, foi a busca de eliminar a anquilosada concepción dos “grupos de risco”, especialmente na campaña que levou a cabo en 1993 (Aliaga, 2000, págs. 89-107).

5. A arte e o VIH/sida: da visibilidade a reivindicación (1981-1992)

A arte foi vital para visibilizar as persoas con VIH/sida, así como para reivindicar a actitude da sociedade e dos Estados contra o VIH/sida. Poderíanse analizar múltiples

afectado pola maior difusión de prácticas sexuais máis seguras (un punto que se pode tratar en clave positiva), e pola redución considerable das parellas sexuais, cun novo énfase en facer citas, no romance e na monogamia (ata certo punto, a pandemia provocou a modulación das pautas de comportamento) (D'Emilio & Freedman, 2012, págs. 457-466).

²² Campaña de FASE sobre “Las siete claves contra el sida” en 1994, [vd. anexo 8](#).

categorías e estilos artísticos: artivismo, cine, series, pintura, representacións, etc.²³ A un nivel máis xeral, trataremos as obras máis rechamantes dos anos de 1980 e 1990, especialmente no ámbito español, aínda que non de maneira exclusiva.

Nun primeiro momento, dende os circuítos artísticos non institucionais (se ampliaría a estes máis adiante), xerouse unha linguaxe en resposta aos impactos sociais que se xeraran entorno as novas crises que se destaparan a raíz do sida. Polo tanto, na década de 1980 tentábase romper co silencio sobre a pandemia nas diferentes sociedades (podemos atopar paralelos co inicio do movemento de liberación no ámbito español, que pasaron da xustificación da súa existencia ante a sociedade, ata a crítica da propia sociedade. Así, tratábase de facer reflexións sobre o sida mediante imaxes, que en ocasións si tiveron repercusións máis alá do ámbito museístico. Por destacar algunha desas obras, podemos mencionar a obra *AIDS* (1987) do grupo *General Idea*, coa que tentaban “magnificar o invisible”, ao igual que outros moitos grupos do mundo occidental (Baya Gallego, 2015, págs. 140-152).

A partir de finais de 1980, xorde un interese renovado polas “figuracións narrativas”, así coma pola mobilización do “corpo” herdado polo feminismo. En 1989, Jan Zita Grover defendeu que, nestes anos, algunhas artistas xoves alcanzaron a madurez artística nun contexto de “colisión” entre a pandemia do sida e un formalismo moderno nas súas postrimetrías ou últimas etapas de vida; estas artistas, empregaban recursos narrativos e documentais que entón considerábanse obsoletos, propios das prácticas de vangarda da época dos setenta. Neste contexto, cabe destacar a figura de Keith Haring, quen inoculou un programa político (no que incluía o VIH, a homosexualidade, a pobreza, o racismo, a cultura moza e o uso de drogas), na circulación do linguaxe gráfico do mundo capitalista.

²³ Xa se mencionou con anterioridade a película de *Philadelphia* (que se corresponde cos anos 90), pero no ámbito Español podemos destacar a película *Todo sobre mi madre* (1999), de Almodóvar. Neste caso, a persoa portadora de sida é unha muller *trans*, que, ao manter relación sexuais cunha monxa, pásalle o sida a ela, a cal tamén llo pasará ao seu fillo coma nai portadora. Esta representación é positiva, xa que non continua a estigmatización do home *gai*, e amosa a mulleres enfrontándose a pandemia (o cal en películas adoita ser moi minoritario). Non foxe da idea da inevitabilidade da morte ao ter a infección, e tampouco da idea de que soen contraela persoas que levan vidas desordenadas (a muller *trans*, Lola, asumen que leva unha “mala vida”), aínda que tamén representan a unha monxa con sida, o que en parte rompe con ese estereotipo (Almodóvar, 1999).

No que respecta aos distintos tipos de representacións artística, a teatralidade da *performance* (ou representación), como tal, adquiriu outras formas. O *zap*, unha acción puntual, rápida e espectacular, cuxa lóxica consiste en intentar evitar calquera violencia física, tivo bastante éxito neste contexto. Foi inventada en 1970 polos militantes da GAA, coa idea de incomodar a unha personalidade notable en público; así, invértense as relacións de forza, dándolle unha volta a toda posición vitimista, convertendo esa situación nunha acusación política. Así, diríxese contra aquelas persas que son cómplices do sida: persoas, institucións e edificios.

Outro xesto de acción colectiva que podemos resaltar, é o de bicarse (*kissing*), co que se tentaba responder as reaccións homofóbicas ante o sida. A partir de 1988, a organización *Act Up*, previamente mencionada, fixo un chamamento ao bico, acompañado a acción co folleto “por que nos bicamos” (esta acción, aínda que tería repercusións sociais relevantes, realmente non a tería a nivel governamental; o vídeo do ministerio de sanidade español de 1988 xa deixa claro que bicarse non inflúe na transmisión da infección, aínda que non sinale xusto o caso dun bico entre homes).

Un último acto de protesta que podemos destacar neste momento de ruptura entre os anos de 1980 e de 1990, é a acción horizontal *die-in*, que se caracteriza pola duración, o silencio e a inmovilidade. Esta consiste en deitarse no chan, cubrindo o chan con corpos deitados, formando un grupo unido para significar a hecatombe. A posta en escena simbólica dun corpo supón realizar unha representación funeraria. Co paso dos anos, a forza da epidemia obrigou as/aos activistas a enfrontarse de maneira crecente ca e coa angustia (Lébovici, 2020, págs. 46-70).

Entón, coma xa se mencionou con anterioridade, na década de 1990, as campañas comezaron a tomar un maior cariz de reivindicación social, buscando unha maior concienciación respecto ao VIH. Agora, estas campañas xa se ligan de maneira definitiva coa idea de corpo, pero de corpo en xeral, non xa só co corpo dun varón *gai* que padece a enfermidade.

A doenza, dignificouse máis dende a idea do contaxio coma un elemento mortal, perigoso e propenso a suceder en persoas que viven en ambientes considerados de

marxinalidade. Entón, a enfermidade non se identifica con grupos concretos, pero si con representacións clínicas, entrando en xogo a medicina para representar as portadoras e aos portadores coma persoas que teñen en contacto no seu día a día esta realidade. O obxectivo agora é non estigmatizar, posto que o silencio xa está roto; pero son moi escasas as propostas que evaden as representacións politicamente incorrectas para non caer en moralismos nas súas representacións. A imaxe do home *gai* continúa estando vixente, (aínda que moito menos), en moitas destas. Agora represéntase máis como ameaza contra o decoro. Tamén, durante esa década, tratábase de erradicar o tabú respecto ao sida.

Outro cambio salientable nos anos noventa, foi a revalorización dun novo medio que brindase imaxinarios: os anuncios televisivos. A diferenza das campañas institucionais, estes foron dirixidos cara perfís moi concretos, xa que eran lanzados cara unha audiencia plural, polo que estamos ante un dos canles de difusión que axudou a erradicar o tabú do VIH/sida nesa década. En EEUU, Reino Unido, Francia e Alemaña había lexislacións que impedían facer alusións directas ao preservativo, polo que os primeiros anuncios non fan referencia a coma evitar a infección, pero si as consecuencias do VIH/sida. Así, só se aluden a elementos “tremendistas” e sórdidos, sen mencionar o uso da xiringa, a realización de prácticas sexuais seguras ou ao uso de bandas de látex para as relacións sexuais entre lesbianas. Isto rompe un tabú pero xera outro: o medo respecto ao sida, xa que en moitos destes anuncios non se ofrecen sequera unha alternativa ao contaxio nin se alude a tratamentos retrovirais. Así, asóciase o sida e a morte, sen mencionar as vías de transmisión (Baya Gallego, 2015, págs. 154-164). Desta maneira, a campaña institucional do Estado español de “Póntelo, pónselo” (1995), antes mencionada, cobra máis relevancia no marco europeo, xa que en diferentes países da contorna, este tipo de representación eran problemáticas (de feito, coma xa de tratou antes, a campaña en España foi polémica).

Por último, cabería mencionar un acto de representación que foi relevante no Estado español, que foi o denominado *Carrying Project* de Pepe Espaliú²⁴. O motivo polo que este apartado acaba en 1992, débese a que é a data na que tivo lugar este proxecto. As rúas de San Sebastián e de Madrid viron nese ano coma este artista (un dos primeiros e declararse abertamente *gai* no Estado español), enfermo con sida, converteuse nunha

²⁴ *Carrying Project* de Pepe Espaliú en 1992, [vd. anexo 9](#).

metáfora de solidariedade cos afectados (seguindo moi de cerca a idea mencionada con anterioridade de Judith Butler), demostrando aos múltiples espectadores que o contacto humano co enfermo non era sinónimo de perigo para as persoas sas. Espaliú, ía descalzo coma signo de ter un corpo vulnerable, e a vez que era levado por diferentes persoas, tentando indicar que tocar o chan, podería provocar que contraera calquera enfermidade oportunista, pois as súas escasas defensas eran débiles. En Madrid, recorreu un traxecto entre as Cortes e o Museo Reina Sofía, para enlazar de maneira simbólica a política coa estética. Esta acción, podemos considerala coma proveitosa, xa que foi repetida en Barcelona e Pamplona por diferentes colectivos de persoas afectadas pola pandemia (Aliaga, 2000, págs. 89-107).

6. Cambios na identidade das lesbianas e dos homes *gais* polo VIH/SIDA (1981-2000)

A identidade de lesbianas e homes *gais* viuse afectada pola pandemia, de maneira moi distinta, aínda que en negativo para ambos casos. Pese a que pode vincularse casos co activismo, coa homofobia liberal e coas obras artísticas, optouse por facer un apartado para poder analizar mellor os elementos de ruptura que experimentaron as devanditas identidades ao longo deste período.

6.1 A continua invisibilización das lesbianas (1981-2000)

Por suposto, as lesbianas sufriron tamén a pandemia de VIH/sida. Non obstante, coma se puido ler ao longo do traballo, tivéronse en conta en moi escasas ocasións nas representacións artísticas, no colectivo e nas campañas gobernamentais, pese a que elas tamén poden contraer o VIH ao establecer contactos sexuais. No caso español, cabe mencionar que si que houbo unha serie de organizacións que loitaron pola visibilidade das lesbianas durante a pandemia:

“En conexión con el activismo que reclama la presencia de la mujer en campañas de prevención, encontramos en España a LSD, bajo estas siglas se encontraban diversos nombres como “Lesbianas sin dudas”, “Lesbianas son divinas” y un largo etcétera. Este grupo, que permaneció activo desde 1993 hasta 1997, promovió la divulgación, entre otros objetivos, de la información profiláctica referente a la mujer. Como elemento revelador de sus campañas, podemos observar cómo en sus propuestas

visuales les otorgan una importancia relevante al texto, a veces por encima de la imagen, como en el caso de “Soy lesbiana sexualmente activa...”, (1993)”. (Baya Gallego, 2015, págs. 170-171).

¿Por que esta campaña insiste na visibilidade da sexualidade das lesbianas? Igual que durante a etapa de represión franquista, as leis non contemplaban que as mulleres puideran chegar a establecer relacións sexuais satisfactorias ante a ausencia do varón (falocentrismo), un prexuízo que atopou o seu eco en campañas, protestas e actos reivindicativos. Isto, seguindo a Judith Butler, débese a concepción de ser o “falo” e ter o “falo”, a cal denotaría posicións sexuais diverxentes, ou non-posicións, dentro da linguaxe. Ser o falo, consiste en ser o “significante” do desexo do outro e aparecer coma o seu significante (máis claro, consiste en ser o obxecto de desexo, o outro, dentro do desexo masculino heterosexualizado, e a súa vez representar e reflexar ese desexo). Con todo, é un Outro necesario para constituír o desexo sexual masculino. Nembargantes, Butler cita a Lacan para defender a idea da “máscara”, segundo a cal, coma o sexo entre lesbianas non pode ser satisfactorio, a identidade das lesbianas enténdese que está marcada pola decepción, polo que as súas relacións reforzaríanse con máis afecto.

Destá maneira, Lacan establecería o estado desexualizado da lesbiana, así coma a incorporación do rexeitamento que aparece debido a ausencia do desexo; esta conclusión extráese dende un punto de vista heterosexualizado e masculino, que levaría a sexualidade lésbica a ser un rexeitamento a propia sexualidade (Butler, *Gender Trouble: Feminism and the Subversion of Identity*, 1990, págs. 43-57). Por suposto, as relacións entre mulleres poden ser plenamente satisfactorias, pero a percepción que se tiña afectou ao devir das propias lesbianas, e a coma estas foron tratadas mesmo polo propio colectivo (non sempre, coma se acaba de mencionar); era necesario resaltar que elas tamén podían contraer VIH.

6.2 A identidades dos homes *gais* (1981-2000)

No caso dos homes *gais*, hai que decatarse de coma se construíu a súa identidade; comezando coa visión médica anterior ao franquismo, pasando pola represión legal eminentemente franquista e a nova situación que se abriu durante a Transición, acabando cos cambios que experimentou o colectivo *gai* coa chegada da pandemia de VIH/sida.

A debilidade dunha identidade homosexual plenamente asumida, uniuse durante os oitenta a homofobia liberal (mencionada con anterioridade), para producir unha crise de representación en torno ao sida, provocando este unha toma de consciencia dunha xeración moi moza, a cal tivo que adoptar determinadas actitudes para tentar non regresar a unha situación de silencio, aínda que, claramente, a perturbación da identidade *gai*, non se debeu en exclusiva a incapacidade do discurso dos *gais* para facer fronte ao problema (Mira, 2004, págs. 600-604). Esta identidade, de novo, foi analizada por Judith Butler. Ela, estableceu que as persoas identificadas coa identidade do home *gai*, tamén encaixaban dentro desa idea da decepción, polo que o amor entre homes desautorizado presérvase mediante a culminación dunha identidade de xénero oposicional e definida; noutras palabras, a homosexualidade masculina repudiada, culmina cunha masculinidade moi definida, unha que mantén o feminino coma o impensable e o que non se pode nomear. Entón, un home *gai*, para o cal o desexo heterosexual é impensable, pode soste “a súa heterosexualidade” mediante outros medios.

Esa decepción ou melancolía heterosexual institúese culturalmente e se mantén coma o prezo das identidades de xénero relacionadas cos desexos oposicionais (Butler, *Gender Trouble: Feminism and the Subversion of Identity*, 1990, págs. 66-72). Toda esta teoría que desenvolve Butler, diferencia a construción do home *gai* coa da lesbiana, en que o home *gai* orienta todo ese rexeitamento do desexo heterosexual nun rexeitamento máximo da feminidade, desenvolvendo unha sorte de “hipermasculinidade”, a diferencia das lesbianas, que farían máis fincapé na afectividade e nas relacións amorosas.

Esta identidade *gai* hipermasculina, vai a engadírselle outro elemento: o sida. Butler, facendo referencia ao libro *Policing Desire: Aids, Pornography, and the Media*, de Simon Watney, equiparou a construción cultural da “persoa contaminante” coma a persoa que non ten sida. Encima de presentar a enfermidade como unha “enfermidade *gai*”, tamén coa resposta homofóbica e histórica da enfermidade, advertíndose por parte dos medios unha construción táctica de continuidade entre a condición contaminada do homosexual e a enfermidade como unha modalidade concreta da contaminación homosexual. A enfermidade transmítese mediante o intercambio de fluídos corporais que indican, dentro

das gráficas sensacionalistas dos sistemas significantes homofóbicos, os perigos que os límites corporais permeables presentan a orde social como tal²⁵.

Seguindo a obra *Purity and Danger* de Mary Douglas, Butler alega que todos os sistemas sociais son vulnerables nos seus marxes, e que, por tanto, todos os marxes considéranse perigosos. Se o corpo é unha sinécdoque do sistema social como tal ou un lugar no que concorren sistemas abertos, entón calquera tipo de permeabilidade non regulada é un lugar de contaminación e perigo. Coma o sexo anal e o oral entre homes determina claramente certos tipos de permeabilidade corporal non permitidos polo orde hexemónico, este sería un lugar perigoso e contaminante previo a presenza cultural do sida e independente dela. Igualmente, a condición “contaminada” das lesbianas, independentemente da súa posición de baixo risco respecto ao sida, manifesta os perigos dos seus intercambios corporais. Estar “fóra” do orde hexemónico non implica estar “nun” estado de natureza sucia e desordenada (Butler, *El género en disputa: el feminismo y la subversión de la identidad*, 2007, págs. 253-263).

Analizando máis os modelos identitarios no seu percorrido histórico para comprender coma lles afectou a pandemia, podemos resaltar a existencia de dous modelos identitarios (pero poderíase escribir sobre máis), de homes *gais* que conviviron no século XX en Occidente. No mundo católico mediterráneo, destacou o “modelo efébio” (que xa existía no XIX), o cal se caracterizaba pola presenza de “mozos inocentes” que establecían relacións con homes maiores chegados de ambientes intelectuais; este modelo tivo bastante éxito, e era hasta certo punto admitíronno dentro da moral católica, especialmente en comparación coa ríxida moral protestante. Non obstante, dende finais dos anos sesenta, co desenvolvemento do movemento de liberación *gai*, os antigos aristócratas e intelectuais deron paso a unha nova militancia politicamente comprometida cun conxunto de causas radicais (feminista e ecoloxista), orgullosa de ser *gai* (como ocorreu en España co caso de Armand Fluvia, mencionado anteriormente). Agora, esta nova época está marcada pola emerxencia dun sexo fácil e rápido, a aparición de novas drogas (coma o *popper*), o activismo *queer*, o desenvolvemento dun forte sentimento

²⁵ Sobre as prácticas seguras que defendían os diferentes colectivos, [vd. anexo 10](#).

comunitario, un cuestionamento dos roles sexuais (masculinidade/feminidade) e a chegada da pandemia de VIH/sida.

Coma xa explicamos con Judith Butler, a idea deste modelo a podemos vincular directamente co concepto de hipermasculinidade: coa estética do cultivo do corpo nas salas de ximnasio, un corpo que marca a chegada agora dun Novo Home, posto que este constitúe nestes intres un símbolo de poder e de pacer. Basicamente, Aliaga comparte con Butler a mesma idea, de que os homosexuais non se identifican coma obxectos de desexo (homosexual entendido coma home “feminizado”), e se desenvolve unha especie de fascinación cara o home heterosexual. Este *gai* do segundo modelo, responde aos estereotipos machistas máis tradicionais, tanto en aparencia física coma na tradución das prácticas sexuais que leva a cabo.

Un dos factores claves para entender isto, foi a chegada da pandemia de VIH/sida. A necesidade de reafirmar esa primeira cuestión, tan só para recordar que a eclosión desta imaxe do físico-cultural, coincidiu cos momentos máis graves da crise do VIH/sida en países coma Estados Unidos, polo que a opresión e a marxinación dos *gais* estadounidenses alcanzou niveis impensables na sociedade occidental avanzada. Isto supuxo unha valorización dos ximnasios, da comida sa e do coidado do corpo; un corpo, o cal, aparte de servir para tomar forzas e para defenderse contra virus, tamén servía para transformarse fisicamente ante a posible reacción de que unha extrema delgadeza puidera ser relacionada coma un signo de sida (Aliaga, 2000, págs. 142-161).

Polo tanto, a chegada da pandemia de VIH/sida si afectou a identidade *gai*, e especialmente ao segundo modelo identitario, ao que podemos referirnos coma o de a “hipermasculinidade”.

CONCLUSIÓNS

A homofobia, coma este traballo quixo demostrar, non é un elemento inalterable nin ahistórico. As realidades políticas e sociais afectan ao propio termo. Non sempre podemos aplicar cos mesmos presupostos a idea de homofobia no século XX (polo menos, non a lixeira), pero si está claro que a homofobia coma tal, cambiou coa chegada da pandemia de VIH/sida no escenario español; a pandemia non fixo tabula rasa dos discursos

anteriores, mais ben reforzou prexuízos que xa existían, pero que estaban a ser derrotados pola ola de liberalización que chegara durante a Transición, á vez que favoreceu a estigmatización dun colectivo recen reforzado, pois o relacionaron coa infección.

Para recapitular, puidemos observar coma a “homosexualidade”, entendida coma unha enfermidade, foi recollida nun código de leis por primeira vez en 1928, con Primo de Rivera, aínda que a relación entre a criminalidade e a homosexualidade, non se establecería ata a lei de vagos e maleantes republicana de 1933, chegando esa vinculación de maneira definitiva coa lei de vagos e maleantes franquista de 1953, a cal, se queremos definila cun só termo, sería o de “clasista”. Se non era suficiente vincular a homosexualidade coa criminalidade, tamén se relacionou co comunismo. Todo aquilo que era malo para España, era susceptible de “ser homosexual”. Por iso, cun afán de evitar que a excesiva liberalización occidental chegase ao ámbito español, e para tentar rehabilitar a estes homosexuais, o xa esgotado Réxime franquista levou a diante a LPRS en 1970.

A lexislación da LPRS provocou unha reacción contra esa represión legal; organizacións, militancia, e colectivo, comezaron a desprezarse no Estado español (especialmente en Cataluña), nunha mobilización que seguiu tras a morte do ditador en 1975, e mesmo tra-la chegada da Constitución de 1978, logrando a supresión definitiva en 1979. Parecía que, por fin, o colectivo podería gozar de certo descanso tras varias décadas de represión legal clara (a cal aínda seguiría, pero xa en menor medida), pero a irrupción por sorpresa da pandemia de VIH/sida truncou todo isto.

A aparición dos primeiros casos en homes *gais* e persoas drogodependentes (xa sexa de maneira casual ou debido a que se buscaba ese perfil en concreto), contribuíu a crear o estereotipo. O primeiro caso foi detectado inicialmente en Estados Unidos en 1981, chegando pouco despois a Europa Occidental e ao resto do mundo. En España, a principal vía de infección de VIH, foi a parenteral, deixando nun terceiro posto as relacións sen protección entre homes.

Non obstante, o imaxinario co que se construíu a pandemia en España, foi importado de maneira moi directa de Estados Unidos, o que crea unha distorsión moi clara no marco

español, xa que salienta a un grupo que non é nin sequera o máis afectado pola pandemia (polo motivo que sexa). Con todo, as campañas gobernamentais, que non chegaron ata finais de 1980, seguían identificando aos homes *gais* coma os principais portadores de sida, e aínda por encima, esquecían por completo as lesbianas. As campañas dos anos noventa (destacando a de 1995), xa foron máis acertadas, aínda sen seren perfectas.

O colectivo e o activismo, ante a conmoción e a homofobia tan salvaxe que a Igrexa, os medios de comunicación e outras institucións difundían aproveitando a oportunidade que lles acababa de brindar esta pandemia, non foron capaces de configurar unha resposta clara nin un discurso homoxéneo que unise a todas as persoas *gais*, as cales se identificaron rapidamente coa infección por parte da sociedade, o que provocou a coexistencia de diversos discursos. Un destes, o que xa denominamos coma “homofobia liberal”, que consistía en entender que os homes *gais* non eran todos proclives a sufrir a infección, xa que algúns levaban unha vida ordenada e responsable, casaba moi ben cos ideais da nova sociedade que se estaba a configurar nesas décadas, o que provocou que se excluísen da identidade do home *gai* aquelas persoas que podían estar pasándoo peor pola pandemia. Non obstante, o discurso do “*gai* coma campión contra o sida”, tamén coexistiu con este primeiro discurso, e foi moi efectivo para que a sociedade entendese, que estes individuos (moitas veces pola súa conta), estaban facendo fronte a situacións abominables, sen apoio do Goberno, e incluso, sen apoio do colectivo (non sempre). Esa loita dignificou considerablemente a todos os portadores de VIH e as persoas con sida.

O mundo do arte, tamén reflexou o activismo e os cambios que estaba a experimentar o colectivo *gai*. Existindo dous momentos (o da década dos 80 e o da década dos 90), o arte foi un medio polo que se canalizou esa loita contra a pandemia, inicialmente tan só reflexando a dor e o sufrimento, e posteriormente tentando loitar contra o estigma, os prexuízos, a homofobia e o descoñecemento da sociedade (destacando no ámbito español Pepe Espaliú).

Finalmente, analizamos os cambios que sufriu a identidade *gai*. As lesbianas, para variar, seguiron invisibilizadas, xa que non se vían nin coma vítimas da pandemia. Os homes *gais*, pola contra, experimentaron un cambio na súa identidade, xa que o sida propiciou o desenvolvemento dunha cultura de ximnasio, para superar a aparencia do

“corpo enfermo de sida” que rexeitaba a sociedade, que a súa vez, levou ao desenvolvemento dunha identidade *gai* “hipermasculina”, que tentaba que o home *gai* se diferenciase o menos posible do home heterosexual.

Este foi un dos principais cambios da pandemia. A identidade *gai*, estaba a sufrir cambios xa antes da chegada da infección, por mor da maior aceptación social que o colectivo estaba gañando (cada vez era máis posible vivir sen riscos), mais a pandemia acelerou este proceso; facía falta diferenciarse das persoas débiles e portadoras de VIH/sida, indignas de ser identificadas coa nova identidade *gai*: xuvenil, sa e moi masculina. Dende logo, o discurso da homofobia liberal influíu moito neste aspecto: non era exclusivo das persoas alleas ao colectivo, senón tamén de parte do propio colectivo; os *gais* “exitosos”, cunha vida “ordenada” e “aceptable” (que emulasen a institución familiar heterosexual, se contentasen cunha serie de liberdades básicas, etc.) sacrificaron as vítimas da pandemia. O discurso do “*gai* coma campión contra VIH/sida”, instrumentalizouse por parte dun colectivo, que contaba con persoas que non querían incluír as persoas seropositivas nas súas filas. O sexo libre foi máxima do colectivo, pero aquel que non empregase preservativo, independentemente do motivo (pode haber moitos), xa está condenado ao ostracismo por esa parte do colectivo, xa que se acaba sendo portador de VIH/sida, a culpa é exclusivamente súa.

En conclusión, a pandemia de VIH/sida, si cambiou a homofobia en España, a cal xa estaba a renovarse antes da chegada da mesma (do marco de represión legal ao marco institucional e mediático), posto que lle deu outra arma que arroxar ao recen articulado colectivo, o cal non soubo moi ben coma reaccionar no novo *status quo*. A empatía, un elemento que brillou pola súa ausencia na actual pandemia de COVID-19, aínda foi máis problemática nesta pandemia, que en moitos casos non é referida coma tal, xa que o COVID-19 pode sufrilo calquera, máis o VIH/sida, só aquelas persoas que levan a cabo prácticas sexuais de risco ou que viven en espazos marxinais, segundo o imaxinario colectivo.

Bibliografía

- Aliaga, J. V. (2000). *Identidad y diferencia sobre la cultura gay en España*. Barcelona-Madrid: EGALES.
- Almodóvar, P. (Dirección). (1999). *Todo sobre mi madre* [Película].
- Bausum, A. (2015). *Stonewall: Breaking Out in the fight for gay rightst* . Nueva York : Penguin Group .
- Baya Gallego, A. (2015). El Imaginario del SIDA en la Cultura Visual. Construcción, significación y cuestionamiento a través de estrategias artísticas. Universidad de Granada, Tesis Doctorales.
- Blasco Gil, Y. e. (2017). Un enfrentamiento poco académico entre los penalistas exiliados Jiménez de Asúa y López Rey Arrojo. *XXXIII*.
- Butler, J. (1990). *Gender Trouble: Feminism and the Subversion of Identity* . Nova York : Routledge .
- Butler, J. (2007). *El género en disputa: el feminismo y la subversión de la identidad*. Barcelona: Paidós.
- D'Emilio, J., & Freedman, B. E. (2012). *Intimate Matters: a history of sexuality in America* . Chicago; London: The University of Chicago Press.
- Demme, J. (Dirección). (1993). *Philadelphia* [Película].
- Galicia, X. d. (2009). Informe VIH: Sida en Galicia .
- Garía Trujillo, B. (2019). 40 Año después. Archivos, Genealogías e Inspiraciones Políticas. En *40 Años después. La despenalización de la homosexualidad en España*. EGALES, S.L.
- Huard, G. (2014). *Los antisociales. Historia de la homosexualidad en Barcelona y París, 1945-1975*. Madrid: Marcial Pons.

- Huard, G. (2019). La penalización de gais, lesbianas y transexuales y la reparación tras 40 años de políticas de olvido. En V. y. Mora, *40 años después. La despenalización de la homosexualidad en España*. EGALES S. L.
- Jimeno Aranguren, R. (2019). La Amnistía Pendiente: Los Delitos de Homosexualidad, Adulterio, Amancebamiento, Anticoncepción y Aborto (1976-1977). En V. y. Mora, *40 años después. La despenalización de la homosexualidad en España*. EGALES, S.L.
- Lébovici, É. (2020). *Sida*. Barcelona : ATMARCADA SL y MACBA.
- Mira, A. (2004). *De Sodoma a Chueca: Una historia de la homosexualidad en España en el siglo XX*. EGALES, S. L.
- Mora, V. y. (2019). *40 Años después. La despenalización de la homosexualidad en España*. EGALES, S.L.
- Olmeda, F. (2004). *El látigo y la pluma: homosexuales en la España de Franco*. OBERÓN.
- Tarrow, G. S. (2012). *El poder en movimiento: los movimientos sociales, la acción colectiva y la política*. Madrid: Alianza Editorial.
- Van Voorish, R., & Wagner, M. (2002). Among the Missing: Content on Lesbian and Gay People in Social Work. 47(4).
- Vázquez García, F. (2012). Homosexualidades . 87(3).
- Vázquez García, F. y. (1997). *Sexo y Razón: una genealogía de la moral sexual en España (siglos XVI-XX)*. Akal .
- Vicente Aliaga, J. y. (2000). *Identidad y Diferencia sobre la cultura gay en España*. Madrid: Egales, S.L.
- Xunta de Galicia . (2009). *Informe VIH-sida en Galicia*. Xunta de Galicia.
- Zajderman, P. (Dirección). (2006). *Judith Butler: Filósofa en Todo Género* [Película].

ANEXO

Anexo 1- Lei de vagos e maleantes republicana

<p>EL PRESIDENTE DE LA REPUBLICA ESPAÑOLA, A todos los que la presente vieren y entendieren, sabed: Que las CORTES han decretado y sancionado la siguiente</p> <p>LEY</p> <p>TITULO PRIMERO</p> <p>Estados peligrosos y medidas de seguridad.</p> <p>CAPITULO PRIMERO</p> <p>CATEGORIAS DE ESTADO PELIGROSO</p> <p>Artículo 1.º Quedan sometidos a las prescripciones de la presente Ley las personas de ambos sexos, mayores de dieciocho años, que se anuncian en los artículos 2.º y 3.º de la misma.</p>	<p>Artículo 2.º Podrán ser declarados en estado peligroso y sometidos a las medidas de seguridad de la presente Ley:</p> <p>Primero. Los vagos habituales.</p> <p>Segundo. Los ruñanes y proxenetas.</p> <p>Tercero. Los que no justifiquen, cuando legítimamente fueren requeridos para ello por las autoridades y sus agentes, la posesión o procedencia del dinero o efectos que se hallaren en su poder o que hubieren entregado a otros para su inversión o custodia.</p> <p>Cuarto. Los mendigos profesionales y los que vivan de la mendicidad ajena o exploten a menores de edad, a enfermos mentales o a listados.</p> <p>Quinto. Los que exploten juegos prohibidos o cooperen con los explotadores a subidas de esta actividad ilícita, en cualquier forma.</p> <p>Sexto. Los ebrios y toxicómanos habituales.</p> <p>Séptimo. Los que para su consumo inmediato suministren vino o bebidas espirituosas a menores de catorce años en lugares y establecimientos públicos o en instituciones de educación e instrucción y los que de cualquier manera promuevan o favorezcan la embriaguez habitual.</p> <p>Octavo. Los que ocultaren su verdadero nombre, disimularen su personalidad o falsen su domicilio mediante requerimiento legítimo hecho por las autoridades o sus agentes, y los que usaren o tuvieren documentos de identidad falsos u ocultaren los propios.</p>	<p>Noveno. Los extranjeros que quebrantaren una orden de expulsión del territorio nacional.</p> <p>Décimo. Los que observen conducta reveladora de inclinación al delito, manifestada: por el trato asiduo con delincuentes y maleantes; por la frecuentación de los lugares donde éstos se reúnen habitualmente; por su concurrencia habitual a casas de juegos prohibidos, y por la comisión reiterada y frecuente de contravenciones penales.</p> <p>Artículo 3.º También estarán sometidos a los preceptos de esta Ley:</p> <p>Primero. Los reincidentes y reiterantes de toda clase de delitos en los que sea presumible la habitualidad criminal.</p> <p>Segundo. Los criminalmente responsables de un delito, cuando el Tribunal sentenciador haga declaración expresa sobre la peligrosidad del Agente.</p>
--	--	---

Fonte: “Lei 217/1933”, Gaceta: colección histórica do Boletín Oficial do Estado. Lei do 05/08/1933.

Non hai ningunha referencia directa ao “homosexual” coma tal (nisto ten razón Geoffroy Huard), pero si que hai unha alusión moi obvia ao trato con delincuentes ou maleantes; se temos en conta esa relación que si se fixo entre homosexuais e criminalidade, entón podemos concluír que os homosexuais tamén estaban incluídos, de maneira implícita, nesta lei (coma defende Francisco Vázquez García). No segundo artigo, na décima sección, faise xa unha alusión definitiva a todo aquilo que non aparece claramente definido na lei: “conducta reveladora de inclinación al delito”, ou “por su concurrencia habitual a casas de juegos prohibidos”, o que pode referirse a súa vez a aquelas persoas cuxa orientación sexual non é a aceptada.

Anexo 2- Lei de vagos e maleantes franquista

LEY DE 15 DE JULIO DE 1954 por la que se modifican los artículos 2.º y 6.º de la Ley de Vagos y Maleantes, de 4 de agosto de 1933.

La producción de hechos que ofenden la sana moral de nuestro país por el agravio que causan al tradicional acervo de buenas costumbres, fielmente mantenido en la sociedad española, justifican la adopción de medidas para evitar su difusión.

Las establecidas por la presente Ley, mediante la que se modifican los artículos segundo y sexto de la de Vagos y Maleantes, de cuatro de agosto de mil novecientos treinta y tres, no son propiamente penas, sino medidas de seguridad, impuestas con finalidad doblemente preventiva, con propósito de garantía colectiva y con la aspiración de corregir a sujetos caídos al más bajo nivel moral. No trata esta Ley de castigar, sino de proteger y reformatar.

También aspira la misma Ley a proteger la paz social y la tranquilidad pública contra las actividades, no constitutivas de delito o cuya delincuencia consta, pero no puede ser inmediatamente probada, de sujetos que, por su habilidad, escapan a través de las mallas de la Ley o eluden su aplicación, por cuya causa constituyen un serio peligro para una ordenada vida de la colectividad.

En su virtud, y de conformidad con la propuesta elaborada por las Cortes españolas,

DISPONGO:

Artículo primero.—Los números segundo y undécimo del artículo segundo y el número segundo del artículo sexto de la Ley de Vagos y Maleantes, de cuatro de agosto de mil novecientos treinta y tres, quedan redactados en la siguiente forma:

«Artículo segundo.—Número segundo.—Los homosexuales, rufiánes y proxenetas.»

«Artículo segundo.—Número undécimo.—Podrán asimismo ser declarados peligrosos como antisociales los que, en sus actividades y propagandas, reiteradamente inciten a la ejecución de delitos de terrorismo o de atraco y los que públicamente hagan la apología de dichos delitos.

También podrán ser objeto de igual declaración los que, de cualquier manera, perturben con su conducta o pusieren en peligro la paz social o la tranquilidad pública.»

«Artículo sexto.—Número segundo.—A los homosexuales, rufiánes y proxenetas, a los mendigos profesionales y a los que vivan de la mendicidad ajena, expiñen menores de edad, enfermos mentales o listados, se les aplicarán, para que las cumplan todas sucesivamente, las medidas siguientes:

a) Internado en un establecimiento de trabajo o Colonia Agrícola. Los homosexuales sometidos a esta medida de seguridad deberán ser internados en Instituciones especiales y, en todo caso, con absoluta separación de los demás.

b) Prohibición de residir en determinados lugar o territorio y obligación de declarar su domicilio.

c) Sumisión a la vigilancia de los Delegados.»

Artículo segundo.—Quedan derogadas cuantas disposiciones se opongan a las establecidas en la presente Ley y autorizado el Ministro de Justicia para dictar las medidas necesarias para su ejecución y cumplimiento, dejando subsistentes las facultades gubernativas que en materia de orden público, moralidad y disciplina social tiene actualmente atribuidas el Ministerio de la Gobernación.

Dada en el Palacio de El Pardo a quince de julio de mil novecientos cincuenta y cuatro.


FRANCISCO FRANCO

Fonte: “Lei 198/1954”, Gaceta: colección histórica do Boletín Oficial do Estado. Lei do 15/07/1954.

Neste caso, si hai unha clara alusión aos homosexuais, sen deixar lugar a dúbidas. Primeiramente, faise unha alusión a moralidade, a coma é necesario adoptar medidas contra este “problema” que afecta a sociedade española. Da anterior lei (a de vagos e maleantes republicana de 1933), foi modificada; agora no número segundo do artigo segundo, inclúese aos homosexuais cos rufiáns e cos proxenetas (equipáranos con criminais, en definitiva).

A súa vez, aparte de incluílos na categoría de proxenetas e de rufiáns, establecen que os homosexuais deberán ser sometidos a unha medida de seguridade, segundo a cal acabarán sendo internados en institucións especiais, que os separaría todo o posibles dos demais (pero non se define nada de coma serían ou funcionarían estes centros). Ademais, non poderían residir en ningunha parte do Estado español, e deberán de declarar o seu domicilio, baixo a vixilancia dos “Delegados”.

Anexo 3- Lei de peligrosidade social



Fonte: “Lei 16/1970”, Boletín Oficial do Estado. Lei do 04/08/1970.

Apreciamos xa, nesta lei, ese afán por tentar rehabilitar eses comportamentos que o Réxime consideraba perigosos. Esta vez, máis alá de xustificacións de tipo moral, a lei trata de protexer a comunidade de comportamentos individuais “de risco”, uns comportamentos que entran dentro da categoría de “diversos estados de peligrosidad anteriores al delito e incluso de otros posteriores al mismo”. Agora, os homosexuais xa non están en relación aos rufiáns e os proxenetas, senón que conforman un número aparte, contabilizando o delito coma “actos de homosexualidad”. Ademais, nesta lei esfórzanse por definir máis a figura do homosexual, co obxectivo de poder aplicarlles o castigo e a rehabilitación, da maneira o máis correcta posible. Polo tanto, consiste nunha evolución clara das leis de vagos e maleantes.

Anexo 4- Homofobia como unha constante en todas as formacións políticas


"Veto Gai". A Dirección de Esquerda Unida en Madrid non quixo incluír na súa candidatura a un esforzado militante da coalición, Alejandro Mora, simplemente por ser un dos animadores da campaña VOTA ROSA. Na nova esquerda tamén hai temas tabús".
(REVISTA "TIEMPO". 10 XUÑO 91).

Este novo escándalo volve por sobre a mesa a necesidade de resolver, dunha vez por todas, unha das asignaturas pendentes da Democracia: a eliminación de prácticas e actitudes segregacionistas.

Unha vez máis fica en evidencia como a participación no xogo institucional modera e troca o que antes foron firmes posturas políticas. Hoxendía, establecer diferencias entre esquerdas e dereitas é un mero xogo léxico; os movementos ideolóxicos e estratéxias, levados á práctica, non se diferencian. Neste contexto de evidente ambigüedade na linguaxe e comportamento políticos, é obrigado esixir solucións: unha real promoción dos dereitos civís e políticos -sen excluídos-; unha xustiza social que só poderá acadarse partindo dunha personalidade excepcional e unhas conviccións claras.

Fonte: Consello da Cultura Galega, Fondos Documentais. Número 2 da Revista S'HOMOS (03/1992). Aínda que a data sexa posterior, nesta revista podemos apreciar coma a homofobia non era un elemento exclusivo de partidos de dereita. Coma se explicou ao longo do traballo, este rexeitamento cara a orientación sexual das persoas, non é unha cuestión de vertentes políticas; se ben é certo que nun momento de reivindicación de liberdades no ámbito sexual por parte da esquerda, as persoas *gais* tiveron a oportunidade de non seren reprimidas a nivel legal, realmente non estamos ante unha cuestión que responda a unha ideoloxía política determinada. O discurso da "liberdade sexual", nunha clave individualista, tamén pode ser empregado por partidos de dereita.

Anexo 5- Gráfico sobre a transmisión de sida en Galicia



Fonte: Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, 2009.

Está claro que, no caso galego, a transmisión por relacións entre homes ocupa un terceiro lugar, estando primeiros os UDI (usuarios de drogas inxectables). A infección por relacións entre homes e mulleres están nun segundo lugar. Con todo, parece que as transmisións por relacións entre homes están a piques de superar as relacións heterosexuais, xa que entre o 2008 e o 2009 tiveron porcentaxes moi similares. Cabe mencionar que, nalgún caso, as infeccións por relacións heterosexuais empataron en porcentaxe as infeccións entre UDI.

O pico tivo lugar entre 1994 e 1997, tanto para infeccións con UDI coma para infeccións por relacións heterosexuais. No caso das relacións entre homes, aínda que o pico tamén sería 1996, en 2008 están nunha situación similar. A cuarta categoría correspóndese coa de receptores hermoderivados ou de transfusións, que a grandes trazos vencéllese con todas aquelas persoas que se infectaron por sangue. Claramente, nesta gráfica faltan de novo as infeccións por relacións entre lesbianas: están invisibilizadas. Están incluídas na última categoría, a cal ten un valor máis xeral (nesta tamén entran infeccións por motivo de nacemento e similares), o que non fai xustiza para estas persoas.

Anexo 6- Campaña “Si Da y No Da” de 1988

<https://www.youtube.com/watch?v=I-317tB88o>



Fonte: *Youtube*. Consultado o 24/04/2022.

É unha campaña moi visual para as espectadoras e os espectadores. O feito de que sexa animada, fai que semelle máis apta para que a proxecten na televisión. Con todo, na maior parte da mesma, só se incide nas relacións sexuais entre homes, cando realmente estas non deberían de constituír a principal preocupación do Estado español (pero claro, o imaxinario exportado é o estadounidense). Só se fai referencia aos bicos coma non infecciosos no caso de relacións heterosexuais, e as lesbianas nin sequera son mencionadas.

Non obstante, si que hai unha serie de aspectos positivos. No vídeo alúdese ao uso de condóns para evitar a transmisión sexual, e a que, por picaduras de insectos, o virus non se transmite; pero tamén, quizais sen pretendelo, patoloxiza demasiado as persoas seropositivas, coma se fosen o propio virus, cando realmente tan só son portadoras deste; isto pode influír notablemente no desenvolvemento dun maior rexeitamento social.

Anexo 7- Campaña “Póntelo y Pónselo” de 1995

https://www.youtube.com/watch?v=LJ-BoS_F-Ac



Fonte: *Youtube*. Consultado o 24/04/2022.

O anuncio amósase dunha maneira sinxela pero efectiva; a solidariedade é a principal idea que se transmite, polo que engádeselle ao condón un valor positivo. A diferenza da anterior campaña, esta non se centra nin en relacións entre persoas heterosexuais ou homosexuais, e tampouco se limita a unha ITS. É un vídeo no que o alumnado do instituto, comprende a situación que está a ocorrer, e tenta axudar ao seu compañeiro.

O único comentario negativo que se lle podería facer, é que a figura de autoridade, que parece estar enfadada pola presenza dun condón no centro educativo, en lugar de buscar “culpables”, debería de explicarlle ao alumnado o que é un preservativo e os beneficios que o mesmo proporciona. Iso si, esta apreciación non reduce o valor do anuncio: moito máis positivo que negativo, de feito, demasiado positivo para certo sector da sociedade española, que non dubidou en relacionalo cunha exaltación indebida do sexo, o cal non é o obxectivo do mesmo (tan só quere alentar a realización de prácticas seguras).

Anexo 8- Campaña de FASE sobre “Las siete claves contra el sida” en 1994



Fonte: ONG SIDA STUDI. Préstamo dos documentos para o usos educativos.

Este programa de FASE, caracterízase por non ser o suficientemente efectivo contra a pandemia. Esta campaña, baseouse en 7 preguntas: “¿Qué es el Sida? ¿Qué diferencia hay entre persona seropositiva y persona enferma de sida? ¿Cómo prevenir la transmisión de VIH? ¿Quién puede infectarse? ¿Cómo podemos parar el sida? ¿Cómo saber si se está infectado? ¿Cuál es el mejor tratamiento?”. Esta campaña, para as alturas de 1994, a podemos considerar coma insuficiente.

É certo que non estigmatiza a ningún sector da poboación, mais a información que está a transmitir, é moi difícil que sexa percibida por parte da poboación española. Nunha década na que anuncios de televisión coma o da campaña goberamental previamente explicado alcanzan aos espectadores, é mellor tentar facer campañas visuais con ideas simples pero claras (que aludan ao uso do preservativo, as características da infección de maneira máis directa, etc.), que tentar explicar diversas casuísticas sobre o VIH/sida, que, pese a seren certas e a que completan a información que moita xente non coñece, serían máis propias dunha charla de instituto (por exemplo), que dunha campaña institucional (as ideas deben de ser expostas de maneira rápida e sinxela).

Anexo 9- *Carrying Project* de Pepe Espaliú en 1992

https://www.youtube.com/watch?v=9_LchayoLGY




Fonte: *Youtube*. Consultado o 24/04/2022.

Esta maneira de amosar as persoas seropositivas en España, pese a non ser totalmente orixinal (houbo outras *performances* con obxectivos similares noutros países), si foi pioneira no caso do Estado español. Coma se pode observar ao longo do vídeo, Espaliú, o primeiro artista abertamente *gai* de España, coa axuda doutras persoas, tenta facer un recorrido determinado sen tocar o chan, debido a que é unha persoa infectada, que precisa da axuda doutra xente para non contraer outras enfermidades, e non o seu rexeitamento, tentando a súa vez romper o silencio respecto a infección. A mensaxe é moi clara: as persoas seropositivas non son perigosas, todo o contrario, son elas as que precisan o apoio do resto da sociedade para non perecer ante a infección.

No que respecta características máis formais da *performance*, cabería resaltar que nesta gravación (proporcionada pola galería de Pepe Cobo), engádese a voz do autor, Pepe Espaliú, quen conta os obxectivos desta acción e a súa experiencia con sida. El, sostiña que a idea detrás deste proxecto, sería a do “palanquín”, o vehículo no que se transportaban os nobres e os enfermos (estes últimos en certas ocasións), unha idea que lle xurdiu ao cotexar un catálogo de carruaxes. O feito de que choiva á vez que tivo lugar esta acción, segundo el, foi positivo, xa que agudizaría ese sentido de loita da actuación; isto, sumado coa aceleración do proxecto, engade o significado da “urxencia” perante a infección.

Unha última reflexión interesante que fai o autor, é a referente ao cambio que a pandemia de VIH/sida provocou no mundo da arte: Espaliú, argumentou que a pandemia, volveu ao mundo da arte máis humano, poñendo en xogo as concepcións liberais que se apoderaran deste nos últimos tempos, posto que se xerara unha gramática por parte dos activistas relacionados co VIH/sida que puxeron os valores máis vencellados ao mercado, en xaque. Aínda que este pensamento pode resultar factible na década dos 90, que os valores do mercado liberal seguiron afectando considerablemente ao mundo do arte tras as décadas fortes de VIH/sida, pode considerarse un feito difícil de contestar, aínda que si que se produciron cambios.

Anexo 10- Sobre as prácticas seguras que defendían os diferentes colectivos



Fonte: Consello da Cultura Galega, Fondos Documentais. Número 6 da Revista S'HOMOS (06/1993).

Contra esas prácticas sexuais que se consideraban inadecuadas pola sociedade, o colectivo, sen demonizalas, tentou recomendar, na medida do posible formas de practicar o sexo de maneira segura. A diferenza da campaña de FASE previamente mencionada, o obxectivo desta revista santiaguesa, era chegar a persoas pertencentes ao colectivo nesta cidade, namentres FASE tentaba chegar a poboación do estado español no seu conxunto, cunha campaña, coma se escribiu antes, pouco visual e atractiva. Neste caso, este fragmento da revista, podemos consideralo adecuado para o colectivo.

Para comezar, explica claramente quen pode contraer VIH (aínda que non especifique claramente a diferenza entre VIH e sida), incluíndo as relacións entre mulleres, para logo comezar a explicar formas de favorecer un sexo máis seguro entre homes, aínda sendo un destes seropositivo. Sen ningún tipo de prexuízo, neste texto fálanse de actos sexuais e de formas de establecer relacións sexuais máis seguras, centrándose, sobre todo, no uso do preservativo.

